

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

CLAVE

AC/23/151.06

TIPO DE ESTUDIO

PROXECTO DE TRAZADO

TÍTULO

GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA AC-862 COA AC-115 EN XUBIA

DESIGNACIÓN

AC-862

ESTRADA

FERROL (FE-14) - LP SAN CIBRAO

PUNTOS QUILOMÉTRICOS

7+280

TREITO

FERROL (LÍM. CONCELLO) - DOSO (AG-64)

PROVINCIA

A CORUÑA

REDE

LOCAL

DOCUMENTOS

TOMO ÚNICO  
MEMORIA, PLANOS E ORZAMENTO

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO PROXECTO

JOSE ENRIQUE PARDO LANDROVE

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO

HADRIÁN ARIAS DURÁN

PBL SEN IVE

276.424,55 €

DATA

MAIO  
2024

CONSULTOR

PBL CON IVE

334.473,71 €

VERSIÓN

2





No presente proxecto participaron as seguintes persoas:

REDACTOR/ES DO PROXECTO

Asinado no lugar do documento onde figure o nome por:

O Enxeñeiro Autor do Proxecto  
Hadrián Arias Durán

CONFORMIDADE DO RESPONSABLE/DIRECTOR DO CONTRATO:

Asinado no lugar do documento onde figure o nome por:

O Director do Proxecto  
Jose Enrique Pardo Landrove





## ÍNDICE DO PROXECTO

### DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

MEMORIA DESCRIPTIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA:

- Anexo nº 1. CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDIO
- Anexo nº 2. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS
- Anexo nº 3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA
- Anexo nº 4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
- Anexo nº 5. CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
- Anexo nº 6. PLANEAMENTO
- Anexo nº 7. TRÁFICO E FIRMES
- Anexo nº 8. TRAZADO
- Anexo nº 9. MOVEMENTO DE TERRAS
- Anexo nº 10. DRENAXE
- Anexo nº 11. SOLUCIONS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS
- Anexo nº 12. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
- Anexo nº 13. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
- Anexo nº 14. EXPROPIACIÓNS
- Anexo nº 15. SERVIZOS AFECTADOS
- Anexo nº 16. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
- Anexo nº 17. PLAN DE OBRA
- Anexo nº 18. REVISIÓN DE PREZOS E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
- Anexo nº 19. ESTIMACIÓN DE PREZOS
- Anexo nº 20. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

### DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

- Plano nº 1. EMPRAZAMENTO E ÍNDICE
- Plano nº 2. ESTADO ACTUAL E REPLANTEO
- Plano nº 3. PLANTA DE ACTUACIÓNS
- Plano nº 4. TRABALLOS PREVIOS
- Plano nº 5. PERFÍS LONXITUDINAIS
- Plano nº 6. SECCIÓNS TIPO
- Plano nº 7. PERFÍS TRANSVERSAIS
- Plano nº 8. DRENAXE
- Plano nº 9. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
- Plano nº 10. REPOSICIÓN DE SERVIZOS AFECTADOS
- Plano nº 11. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

### DOCUMENTO Nº 3. ORZAMENTO

- MEDICIÓNS AUXILIARES
- MEDICIÓNS XERAIS
- CADRO DE PREZOS Nº 1
- CADRO DE PREZOS Nº 2
- ORZAMENTOS PARCIAIS
- RESUMO DE ORZAMENTO





**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE VIVENDA  
E PLANIFICACIÓN DE  
INFRAESTRUTURAS

AXENCIA  
GALEGA DE  
INFRAESTRUTURAS

PROXECTO DE TRAZADO  
GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA AC-862 COA AC-115 EN XUBIA. CLAVE AC/23/151.06  
Índice

## DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA  
E PLANIFICACIÓN DE  
INFRAESTRUTURAS

AXENCIA  
GALEGA DE  
INFRAESTRUTURAS

PROXECTO DE TRAZADO  
GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA AC-862 COA AC-115 EN XUBIA. CLAVE AC/23/151.06  
Índice

## MEMORIA DESCRIPTIVA



## ÍNDICE

### 1. ANTECEDENTES

- 1.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS
- 1.2. ANTECEDENTES TÉCNICOS

### 2. OBXECTO

### 3. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS E SERVIZOS

### 4. DATOS PREVIOS

- 4.1. LOCALIZACIÓN
- 4.2. CARTOGRAFÍA
- 4.3. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
- 4.4. EFECTOS SÍSMICOS
- 4.5. CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
- 4.6. PLANEAMENTO
- 4.7. TRÁFICO

### 5. TRAZADO

- 5.1. DESCRICIÓN DO TRAZADO
- 5.2. TRAZADO EN PLANTA
- 5.3. TRAZADO EN ALZADO
- 5.4. SECCIÓN TRANSVERSAL

### 6. MOVEMENTO DE TERRAS

- 6.1. INTRODUCCIÓN
- 6.2. ESTUDO DE COMPENSACIÓN

### 7. FIRMES E PAVIMENTOS

- 7.1. EXPLANADA
- 7.2. TRONCO E GLORIETA
- 7.3. ACCESO ÁS RÚAS LOCAIS
- 7.4. BEIRARRÚA

### 8. DRENAXE

- 8.1. OBXECTO
- 8.2. DRENAXE TRANSVERSAL
- 8.3. DRENAXE LONXITUDINAL

### 9. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

### 10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

- 10.1. SINALIZACIÓN VERTICAL
- 10.2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

### 11. ASPECTOS AMBIENTAIS E DE PATRIMONIO CULTURAL

- 11.1. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS
- 11.2. PROGRAMA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

### 12. EXPROPIACIÓNS

- 12.1. XERALIDADES
- 12.2. DESCRICIÓN E ORZAMENTO DAS EXPROPIACIÓNS

### 13. SERVIZOS AFECTADOS

- 13.1. XERALIDADES
- 13.2. SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 13.3. SERVIZOS DE SUBMINISTRO

### 14. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

### 15. REVISIÓN DE PREZOS

### 16. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

### 17. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

- 17.1. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL
- 17.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SEN I.V.E.
- 17.3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
- 17.4. VIXILANCIA AMBIENTAL
- 17.5. SEGUIMENTO E CONTROL ARQUEOLÓXICO
- 17.6. EXPROPIACIÓNS
- 17.7. SERVIZOS AFECTADOS
- 17.8. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

### 18. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN

- 18.1. DECRETO 1098/2001: DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

### 19. DOCUMENTOS INCLUÍDOS NO PROXECTO

### 20. CONCLUSIÓN



## 1. ANTECEDENTES

### 1.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Por resolución de 27 de setembro de 2023, da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia emitiu a orde de estudo para o proxecto de trazado e construción "Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xubia" de clave AC/23/151.06, enmarcado no programa de seguridade viaria.

Con data de 5 de outubro de 2023, a Axencia Galega de Infraestruturas adjudicou a Deseños Estruturais e Viarios, S.L. a realización do devandito traballo, quedando formalizado o contrato coa mesma data.

### 1.2. ANTECEDENTES TÉCNICOS

A Axencia Galega de Infraestruturas detectou a necesidade de realizar diversas actuacións encamiñadas á mellora da intersección existente actualmente na intersección da AC-862 coa AC-115, en Xubia, no concello de Neda; o que aconsella a redacción dun proxecto para o seu estudo e valoración mediante a execución dunha glorieta na superficie que ocupa a devandita intersección; polo que encomenda a redacción dun proxecto para o seu estudo e valoración.

Incluindo ademais todas as actuacións complementarias necesarias para a execución da glorieta e garantir a súa funcionalidade: Maior seguridade viaria, diminución dos tempos de espera e doada ubicación de semáforos, facilitar a incorporación d, etc. .

O presente proxecto encádrase na "Seguridade viaria" e máis en concreto no "Subprograma 7.1 Mellora de interseccións".

Descríbense a continuación as estradas que forman parte do ámbito de actuación do presente proxecto:

- A estrada AC-115 Fene (N-651) - Xubia (AC-862), discorre desde o núcleo de Fene (N-651) ata Xubia (AC-862) e pertence á Rede Local de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A estrada AC-862 Ferrol (Lím. Concello) - Lím. Prov. – San Cibrao, discorre desde o límite do concello de Ferrol ata Doso (AG-64) e pertence á Rede Local de Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia

## 2. OBXECTO

O obxecto do presente proxecto comprende a reforma da intersección entre as estradas autonómicas AC-862 e AC-115, mellorando, tanto a seguridade e eficiencia, como a súa imaxe urbana, no concello de Neda. Por mor da recente demolición dunha edificación ó carón da AC-115, fai factible o desenvolvemento das actuacións ó quedar espazo necesario para as mesmas. Do mesmo xeito prodúcese a mellora das condicións de seguridade viaria da intersección existente da estrada AC-862 coa AC-115 en Xubia (Neda), con elevado tráfico de vehículos pesados e escasa visibilidade na actualidade; mediante a execución dunha glorieta nese punto.

A intersección existente, con forma de "T" e con todas as posibles opcións de xiro pola actual configuración dos semáforos, causa demoras da espera de xeito que vanse acumulando tempos extra das secuencias de despexe e seguridades dos mesmos (vermello – vermello). Polo miúdo, as actuacións incluídas no presente proxecto son as seguintes:

- Reordenar e aliviar o tráfico neste punto.
- Facilitar a incorporación dun camiño estreito con pésima visibilidade na actualidade, á estrada AC-862.

As actuacións que se proxectan neste punto consisten na execución dunha glorieta que acolla todas as estradas que se encontran nesta intersección, e así proporcionar unha maior seguridade viaria neste punto.

Como consecuencia desta actuación, ditos vias de entrada e saída da devandita glorieta veranse modificados en planta e alzado, e realizaranse operacións de acondicionamento do pavimento existente en todos eles.




Figura 1. Planta da actuación na contorna da intersección das estradas AC-862 e AC-115

En consecuencia, co anterior, o presente proxecto de trazado ten como finalidade definir e desenvolver as distintas unidades de obra, precisas para poder levar a cabo as obras correspondentes ás necesidades, definíndoas completamente na memoria, planos e orzamento.

## 3. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS E SERVIZOS

Dada a localización das obras contidas no presente proxecto, foi necesaria a coordinación con outros organismos, como son os seguintes:

- Axencia Galega de Infraestruturas.
- Concello de Neda como titular dos servizos de alumado, abastecemento e saneamento e dos propietarios dos servizos de subministración.
- Augas de Galicia.

A localización dos servizos de subministro provén da información obtida de INKOLÁN, das visitas de campo, dos traballos topográficos e da obtida por consulta aos documentos municipais.



## 4. DATOS PREVIOS

### 4.1. LOCALIZACIÓN

A área de actuación sitúase na intersección das estradas AC-862 e AC-115, pertencentes ambas á Rede Local de Estradas de Galicia, no Termo Municipal de Neda, provincia de A Coruña.

Anca (San Pedro), Neda (San Nicolás), Santa María de Neda (Santa María) e Viladonelle (San Andrés) son as catro parroquias das que está composto o devandito Termo Municipal de Neda.



Figura 2. Localización da zona de proxecto

### 4.2. CARTOGRAFÍA

#### 4.2.1. BASE CARTOGRÁFICA

Como apoio cartográfico utilizouse a Base Topográfica a escala 1:5000, proporcionada pola Xunta de Galicia, con curvas de nivel cada cinco metros, realizadas en proxección UTM no fuso 29, Elipsoide Internacional con Datum Postdam. A folia utilizada é a BTG2020\_0151A-0504.

Como complemento da base cartográfica para o presente proxecto, utilizáronse ortofotos obtidas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA), que ten como obxectivo a obtención de ortofotografías aéreas dixitais con resolución de 25 ou 50 cm e modelos dixitais de elevacións (MDE) de alta precisión de todo o territorio español, cun período de actualización de 2 ou 3 anos, segundo as zonas.

#### 4.2.2. TOPOGRAFÍA

No anexo nº 3 *Cartografía e topografía* inclúese a memoria dos traballos topográficos realizados para o desenvolvemento do presente proxecto.

### 4.3. XEOLOXÍA E XEOTECNIA

#### 4.3.1. XEOLOXÍA LOCAL

O concello de Neda localízase no Noroeste da Península Ibérica, no noreste da Provincia da Coruña situada sobre o val formado polo río Bellelle e esténdese cara ao norte ata as beiras do río Grande de Xubia e o seu afluente, o río Castro. A xeoloxía do municipio recóllese na folia nº 7 (*Cedeira*) do mapa xeolóxico de España do *Instituto Geológico y Minero de España* (IGME). Paleogeográficamente os terreos destas follas atópanse na zona IV, Galicia Media Tras-Os -Montes, de MATTE (1968), Galaico-Castellana de LOTZE (1945), en canto á tectónica co Dominio do "Ollo de Sapo".

#### 4.3.2. XEOMORFOLOXÍA

Os materiais mais representados son as rochas básicas, ultrabásicas, paragneises do Complexo do Cabo Ortegal (de probable idade precámbrica a cámbrica) e rochas do Grupo de Moeche, formado por un conxunto heteroxéneo de rochas sedimentarias e ígneas de idade probable ordovícico-silúrica ou mesmo do Devónico inferior.

#### 4.3.3. ASPECTOS XEOTÉCNICOS XERAIS

O emprazamento das obras localízase na folia 6-3 (7) *Cedeira* do *Mapa Geotécnico General* preparado polo IGME. Esta zona caracterízase por ter condicións construtivas desfavorables con problemas de tipo litolóxicos, xeomorfolóxicos e xeotécnicos. Encádrase na rexión I e na área I<sub>8</sub> (sedimentos recentes) que se caracteriza pola súa morfoloxía de chaira a ondulada con pendentes xerais inferiores ao 7% e presenza de fosas tectónicas. Os terreos son impermeables e permeables con drenaxe deficiente, cunha capacidade de carga baixa con perigo de asentos de consideración.

#### 4.3.4. ASPECTOS XEOTÉCNICOS LOCAIS

No relativo aos aspectos xeotécnicos concretos, é necesario establecer a escavabilidade do material e a súa posibilidade de utilización como recheo.

Tendo en conta que as escavacións a practicar para a execución da glorieta son sobre estradas xa construídas, estímase que a súa escavabilidade é boa ou moi boa. Polo mesmo motivo, o material escavado non poderá ser reutilizado máis que como recheo tolerable, axeitado para recheo superior das gabias practicadas nese mesmo material se é preciso.

No anexo nº 4 *Xeoloxía e xeotecnia* inclúese todo o proceso dos traballos para acadar as conclusións que se describen.

### 4.4. EFECTOS SÍSMICOS

Segundo a Norma Sismorresistente NCSE-02, nas obras levadas a cabo no termo municipal de Neda non é necesaria a consideración de accións sísmicas, xa que o valor da aceleración sísmica horizontal básica da localización da obra  $a_b$  definida no apartado 3.4 da devandita Norma, cumpre que  $a_b < 0,04g$ .

### 4.5. CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA

O clima do T.M. de Neda caracterízase polas elevadas precipitacións, a débil oscilación térmica, a suavidade das temperaturas e o déficit hídrico estival. Este clima é considerado Csb (oceánico mediterráneo de estíos suaves), segundo a clasificación climática de Köppen- Geiger.

En Neda, os veráns son cómodos, se ben os invernos son fríos, mollados e parcialmente nubrado ao longo de todo o ano. Durante o transcurso do ano, a temperatura xeralmente varía de 6°C a 24°C e rara vez baixa a menos de -1°C ou sobe a máis de 28°C.

O mes máis chuvioso é o mes de novembro cun promedio de 115 milímetros de choiva. Pola contra, o mes que presenta menos choiva é xullo cunha media de 21 milímetros e o mes con máis días mollados en Neda é novembro, cunha media de 12,3 días con polo menos 1 milímetro de precipitación.

A tempada máis seca dura 4 meses, do 28 de maio ao 28 de setembro, sendo xullo o mes con menos días mollados en Neda, cunha media de 3,5 días con polo menos 1 milímetro de precipitación.

En canto á hidroloxía, destacar que o río principal que rodea o ámbito da actuación é o *Río Grande de Xuvia*, que ten coma afluentes principais o río *Ferreirías* (pola dereita) e o río *Castro* (pola esquerda). Pertence á vertente Atlántica que discorre por la comarca de Ferrolterra y desemboca na ría de Ferrol.

A conca do río Grande de Xuvia esténdese ao longo de 31 Km, de Leste a Oeste entre as terras de Somozas e a ría de Ferrol, bañando os concellos de Somozas, Moeche, San Sadurniño, Neda e Neda.

A devandita conca forma, xunto coa conca do río Castro o LIC (Lugar Importancia Comunitaria) nomeado "*Xuvia – Castro*" cunha área protexida de 2.074 Ha.

Para a determinación da precipitación diaria  $P_d$  correspondente ao período de retorno T, tal e como cita a Instrución 5.2-IC "*Drenaxe superficial*" da Dirección Xeral de Estradas, débese adoptar o maior valor dos obtidos a partir dos:

- Datos publicados pola "*Dirección General de Carreteras*", recollidas na publicación "*Máximas luvias diarias en la España Peninsular*".
- Estudo estatístico das series de precipitacións diarias máximas anuais, medidas nos pluviómetros existentes na conca, ou próximos a ela. Débese axustar a serie de precipitacións máximas rexistradas en cada pluviómetro, a función de distribución extremal máis apropiada aos datos da zona, considerando polo menos as funcións Gumbel e SQRT ET-max.
- Unha vez obtidos os valores da precipitación diaria  $P_d$ , pódese observar que os obtidos co estudo estatístico son semellantes pero maiores. De xeito conservador, utilizarase a envolvente de valores maiores, reflectidos na seguinte táboa:

PERÍODO DE RETORNO T (ANOS)	PRECIPITACIÓN MÁXIMA DIARIA $P_d$ (mm)			
	PUBLICACIONES DGC	GUMBEL	SQRT ET-max	ENVOLVENTE
10	91	75	82	<b>91</b>
25	109	87	99	<b>109</b>
50	124	95	112	<b>124</b>
100	140	103	127	<b>140</b>
500	156	122	149	<b>156</b>

Estes aspectos desenvólvense polo miúdo no Anexo nº 5 *Climatoloxía e hidroloxía*.

#### 4.6. PLANEAMENTO

Dado o carácter e a natureza das obras que se inclúen no presente proxecto, non cabe falar de planeamento viario na aceptación literal da expresión xa que isto presupón o estudo dunha rede con distintas alternativas de distribución das correntes de tráfico nas distintas vías que o compón..

As actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico do Concello de Neda, que se rexe polas NSMP (Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento) aprobadas con data do 22 de xullo de 1992.

A glorieta localízase na parroquia de Santa María de Neda en solo de Núcleo Rural e solo urbano.

#### 4.7. TRÁFICO

##### 4.7.1. DATOS DE AFOROS

Os datos de tránsito obtivéronse das Memorias de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2022 e da aplicación *Afoxun* correspondente a ese ano, editadas pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

CÓDIGO	TIPO	LOCALIZACIÓN	DATO AFORADO (2022)
AC-862 (11)	Complementaria	AC-862. PQ 11+270	2.687

CÓDIGO	TIPO	LOCALIZACIÓN	DATO AFORADO (2022)
AC-862 (7) G3	Pneumática	AC-862. PQ 7+440	2.786

CÓDIGO	TIPO	LOCALIZACIÓN	DATO AFORADO (2022)
AC-115 (2)	Permanente	AC-115. PQ 2+610	8.844

Para a prognose de tráfico, tomaranse os datos da estación complementaria magnética da AC-862 no P.Q. 7+440. Observando os datos de tráfico desta estación, obsérvase que nos anos previos ao 2020 o tráfico ía en aumento, polo que adoptaranse só os datos previos ao ano 2020 para o cálculo da taxa de crecemento, para así obter o cálculo máis restritivo da taxa de crecemento desta estrada.

Na táboa seguinte expóñense os resultados obtidos, coa categoría de tráfico obtida segundo a Instrución 6.1-IC *Seccións de firme*:

ESTRADA	TAXA DE CRECIMENTO	IMD	IMDp	IMDp CARRIL	CATEGORÍA DE TRÁFICO
		2024	2024	2024	
AC-862	1,17%	3.415	209	105	T31

Como conclusión, apréciase que a taxa de crecemento do tráfico na estrada AC-862, tendo en conta as premisas dadas, é positiva, polo que adoptárase a categoría de tráfico que se calcula na táboa anterior, é dicir, T31 no ámbito da actuación.

No caso da estrada AC-115, adoptárase tamén unha categoría de tráfico T31, en base ao Mapa de Tráfico Pesado anterior e aos datos da estación permanente no PQ 2+610 da mesma.

Con respecto aos accesos a rúas locais existentes, considérase a categoría de tráfico T42 por considerar que o tráfico de vehículos pesados nestes viais é case nulo, segundo as visitas de campo realizadas ao empazamento das obras.

No anexo nº 7 *Tráfico e firmes* desenvólvense máis detidamente todos os aspectos anteriores.

#### 5. TRAZADO

##### 5.1. DESCRICIÓN DO TRAZADO

A actuación definida no presente proxecto consiste na reforma da intersección entre as estradas AC-862 no seu PQ 7+280 de xeito aproximado e a estrada AC-115.



## 5.2. TRAZADO EN PLANTA

A actuación definida no presente proxecto consiste na reforma da intersección entre as estradas AC-862 e AC-115.

É necesario destacar que os contornos do cruce actual condicionan notoriamente as posibilidades de deseño da glorieta. Daquela, a definición xeométrica en planta ven marcada pola localización de edificacións con beirarrúa e pola posición dos eixes actuais das estradas.

No *Documento n°2*, no plano correspondente a *Replanteo*, inclúense as coordenadas dos puntos singulares da glorieta proxectada, aportando todos os datos necesarios para o replanteo.

Definíronse os seguintes eixos de xeito auxiliar, necesarios para proxectar a totalidade das obras viarias que se proxectan:

- **AC-862:** defínese un eixo pola estrada existente AC-862, entre os PP.QQ. 7+204 – 7+418, aproximadamente.
- **AC-115:** analogamente ao caso anterior, defínese este eixo como estado actual da estrada AC-115, dende o P.Q. 4+640 ao 4+706, aproximadamente.
- **GLORIETA:** O eixe definido para a glorieta é unha circunferencia de radio 16 m que coincide co anel exterior da calzada. Ten unha lonxitude de  $2 \times 16 \pi = 100,53$  m. O sentido crecente da quilometraxe establécese coincidente co sentido antihorario.
- **ACCESO:** defínese dito eixo para o enlace da glorieta con rúas ou viais locais, e consta dunha lonxitude de 11,25 m.
- **ENLACE GLORIETA\_NW:** corresponde ao borde interior da intersección entre a estrada AC-862 e AC-115, en sentido a Neda. Ten unha lonxitude total de 50,06 m.
- **ENLACE GLORIETA\_SW:** como no caso anterior, este eixo define ao borde interior da intersección entre a estrada AC-115 e AC-862, en este caso en sentido a Ortigueira. Dispón dunha lonxitude total de 32,59 m.
- **ENLACE GLORIETA\_SE:** este eixo corresponde ao borde interior da intersección entre a estrada AC-862 e a glorieta proxectada, en sentido decrecente dos PP.QQ. da primeira. Presenta unha lonxitude total de 25,13 m.
- **ENLACE GLORIETA\_NE:** este eixo define a conexión dende o eixo da glorieta co borde exterior da marxe esquerda da estrada AC-418, en sentido Narón. A lonxitude total deste é de 26,93 m.
- **ACCESO\_MD:** defínese dito eixo para o enlace da glorieta coa marxe dereita da rúa de Acceso, e consta dunha lonxitude de 22,07 m de lonxitude.
- **ACCESO\_MI:** corresponde ao acceso dende os viais locais á glorieta proxectada. O eixo conta cunha lonxitude total de 13,03 m.

## 5.3. TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, definirase para todos os viais descritos un trazado en alzado que se axustará á cota existente mediante un axuste progresivo nos abanos de enlace coa glorieta. A alíñación exterior do carril partirá dunha cota definida na glorieta e variará linealmente ata rematar na cota actual do viario existente.

## 5.4. SECCIÓN TRANSVERSAL

Na seguinte táboa, indícase o ancho de cada un dos elementos da sección tipo dos eixes proxectados:

EIXE	ESQUERDA			BEIRAVÍA MEDIANA	DEREITA		
	EXTERIOR	BEIRAVÍA	CALZADA		CALZADA	BEIRAVÍA	EXTERIOR
AC-862	Beirarrúa	Variable (mín. 0,30m)	3,15 m	Variable	3,15 m	Variable (mín. 0,30m)	Beirarrúa
AC-115	Existente	Existente	3,20 m	Variable	3,20 m	Variable (mín. 0,30m)	Beirarrúa
Glorieta	Anel interior	1,00 m	8,00 m	---	---	Variable (mín. 0,30m)	Beirarrúa
Acceso	Beirarrúa	0,30 m	3,00 m	---	3,00 m	0,30 m	Beirarrúa

O ancho dos carrís, así como o das beiravías son variables nos abanos da glorieta e accesos.

O bombeo da plataforma proxectouse de forma que se evacúen con facilidade as augas superficiais, e que o seu percorrido sexa o mínimo. En tódolos eixes definidos dispórase un mínimo dun 2% de inclinación transversal cara a cada lado a partir do eixe da calzada. No caso da glorieta, esta pendente enténdese dende o anel interior ao exterior, de xeito que a glorieta desaugue cara fóra.

En canto aos peraltes, dadas as características da actuación, no se ten definido unha lei de peraltes para os eixes dos viarios existentes, senón un axuste ás pendentes transversais existentes

No anexo n°8 *Trazado*, inclúese todo o relacionado con este punto.

## 6. MOVEMENTO DE TERRAS

### 6.1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo do presente anexo é o estudo das necesidades de terras da obra proxectada, cuantificando os volumes de materiais procedentes das escavacións aproveitables e sobrantes no ámbito da actuación. Estrutúrase nos seguintes apartados:

- **Clasificación de materiais:** A partires dos resultados expostos no anexo de xeotecnia realizouse a clasificación dos distintos materiais que se prevé obter ao longo da traza. Estes datos empréganse para saber os volumes de material escavado e de material dispoñible para o recheo dos terrapléns.
- **Estudo de compensacións:** Aplicando as consideracións do anexo de xeotecnia ás medicións reflectidas no orzamento obtéñense os volumes resultantes das diferentes unidades consideradas no movemento de terras, o que permite calcular finalmente a necesidade de material de empréstito ou a cantidade de material sobrante para prever, en caso necesario, os vertedoiros. Para iso aplícanse os correspondentes coeficientes de paso a cada tipo de material obtido nos desmontes.

### 6.2. ESTUDO DE COMPENSACIÓN

O balance de terras é o seguinte, unha vez aplicados os coeficiente de paso ou esponxamento:

MATERIAL PARA RECHEOS E NOIROS (m³)				
LOCALIZACIÓN	TIPO	NECESIDADES	PROCEDENCIA	
			EXCAVACIÓN	PRÉSTAMO
AC-862 e AC-115	Adecuado/Tolerable	69,22	551,92	0,00
	Seleccionado	752,14	0,00	752,14
Gabia Pluviais	Adecuado/Tolerable	141,53	245,43	0,00
Gabia Alumado	Adecuado/Tolerable	0,00	10,62	0,00
			<b>807,97</b>	<b>752,14</b>

MATERIAL A VERTEDOIRO (m³)				
UNIDADE	EXTRAÍDO	UTILIZADO	COEF.	VERTEDOIRO
Caixeadado xeral	551,92	69,22	1,06	515,82
Gabias	256,05	141,53	1,20	165,73
Terra vexetal	171,40	0,00	1,45	248,53
				<b>930,08</b>

Debido ás cantidades de terras que se manexan no presente proxecto, non se estima necesario realizar un estudo económico da localización de préstamos e vertedoiros.

O anexo nº 9 *Movemento de terras* recolle todas as especificacións a considerar e os cálculos de necesidades e aportes de terreo.

## 7. FIRMES E PAVIMENTOS

### 7.1. EXPLANADA

En tódolos casos nos que é necesaria a execución da sección completa do firme considérase necesaria a disposición de 75 cm de solo seleccionado para obter explanada de categoría E2.

### 7.2. TRONCO E GLORIETA

#### 7.2.1. AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA

Entre as seccións de firme recollidas na figura 2.2 da Norma 6.1-IC, en función das categorías de explanada e de tráfico pesado (E2 e T31 respectivamente, neste caso), óptase pola sección nº 3121, formada por 16 cm de mestura bituminosa sobre 40 cm de saburra artificial. De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 5 cm de mestura bituminosa tipo AC-16 surf BC50/70 S (con betume mellorado con caucho).
- Base: 11 cm de mestura bituminosa tipo AC-22 bin BC50/70 S (con betume mellorado con caucho). Sobre esta capa asfáltica, aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60B3 TER cunha dotación de 500 g/m² que garanta 285 g/m² de ligante residual.
- Subbase: 40 cm de saburra artificial ZA 0/20. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF4 IMP cunha dotación de 1500 g/m², que garante 600 g/m² de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

A continuación inclúese unha táboa co resumen dos valores prescritos para o PSV e CRT para a capa de rodadura:

TIPO	PSV	CRT (%)
AC-16 surf BC50/70 S	≥ 44	≥ 65

Táboa 1. Valores de PSV e CRT para capas de rodadura.

A sección de firme nas beiravías é a mesma que na calzada.

#### 7.2.2. REHABILITACIÓN SOBRE FIRME EXISTENTE

Nas áreas nas que o firme proxectado se localiza sobre o existente poden considerarse dous casos:

- Nas zonas onde por cota sexa necesario complementar o espesor do firme existente en máis de 15 cm, con respecto a cota inferior da capa de rodadura, executarase unha sección estrutural completa sen a capa de rodadura, cun espesor variable da subbase, adoptando a mesma sección estrutural que no caso de ampliación de plataforma.
- Nas zonas onde por cota sexa necesario complementar cun espesor maior que o da capa de rodadura (5 cm) proxéctase unha regularización do firme con mestura bituminosa AC-22 bin BC50/70 S nun espesor variable entre 7 e 15 cm, e posterior extensión da capa de rodadura.
- Nas zonas onde non exista espesor suficiente entre a rasante existente e a proxectada para executar o espesor completo da capa de rodadura, fresarase o espesor necesario (máximo de 5 cm, obviamente) para proporcionar espazo á devandita capa proxectada.

Finalmente, en todos os casos, aplícase sobre a superficie regada unha capa de rodadura de 5 cm de mestura bituminosa tipo AC-16 SURF BC 50/70 S (con betume mellorado con caucho). Entre as capas bituminosas aplicarase unha rega de adherencia mediante emulsión C60B3 TER cunha dotación de 500 g/m² que garanta 285 g/m² de ligante residual.

#### 7.2.3. ESPAZO PAVIMENTADO EN ILLAS

Para a pavimentación das illas da glorieta, deseñouse a seguinte sección estrutural

- Bordo tipo C7
- Formigón coloreado HF-3,5 de 20 cm de espesor

#### 7.2.4. ANEL INTERIOR DA GLORIETA

Para a pavimentación das bandas rebasables do anel interior da glorieta deseñouse a seguinte sección estrutural:

- Lastro granítico de dimensións 10x10x10 cm.
- Morteiro de asento de 2 cm.
- Formigón HM-20 de 20 cm de espesor.

Entre as bandas rebasables proxéctase a colocación dun bordo prefabricado de dobre capa do tipo C9 segundo a norma UNE 127025. O lindeiro co círculo de zona verde interior materialízase por medio de bordo tipo A4. No círculo interior da glorieta propónse:

- Capa de terra vexetal de espesor variable (20 cm) sobre lámina xeotextil
- Plantación de céspede e especies arbóreas ou arbustivas

### 7.3. ACCESO ÁS RÚAS LOCAIS

No caso do acceso aos viarios locais, óptase pola sección nº 4221, formada por 5 cm de mestura bituminosa sobre 25 cm de saburra artificial. De entre as posibilidades que permite a citada Norma 6.1-IC na súa táboa 6, adóptase a seguinte sección estrutural:

- Rodadura: 5 cm de mestura bituminosa tipo AC-16 surf BC50/70 S (con betume mellorado con caucho).



- Subbase: 25 cm de saburra artificial ZA 0/20. Sobre esta capa aplicarase unha rega de imprimación mediante emulsión C50BF4 IMP cunha dotación de 1500 g/m<sup>2</sup>, que garante 600 g/m<sup>2</sup> de ligante residual, cumprindo as prescricións do PG-3.

#### 7.4. BEIRARRÚA

As beirarrúas proxectadas dispoñen da seguinte sección:

- Louseta hidráulica de 30x30 cm.
- Morteiro de asento de 2 cm.
- Recheo con HM-20 dende o firme existente ou ben nun espesor de 20 cm dende o recheo de solo tolerable.

Nos vaos peonís, disporase pavimento podotáctil segundo a Instrución 3/2021 da AXI.

Na súa contorna disporase un bordo tipo C5, existente no ámbito de actuación, como método de separación da beirarrúa coa estrada.

No anexo nº 7 *Tráfico e firmes* desenvólvense todos os aspectos anteriores, coas súas respectivas xustificacións.

### 8. DRENAXE

#### 8.1. OBXECTO

O obxecto do presente anexo é recoller as hipóteses, consideracións e cálculos referentes á drenaxe das obras recollidas no proxecto de trazado da obra de *"Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xubia"*. Contémpanse os seguintes aspectos:

- Drenaxe superficial, que comprende:
  - A recollida das augas procedentes da plataforma e as súas marxes.
  - A evacuación das devanditas augas recollidas a leitos naturais ou a redes de augas pluviais.
- Drenaxe profunda, consistente en impedir o acceso da auga ás capas superiores da estrada, especialmente ao firme mediante a utilización de diversos tipos de drenes subterráneos, arquetas e canalizacións de desaugadoiro.

#### 8.2. DRENAXE TRANSVERSAL

Non se afectará a ningunha obra de drenaxe transversal existente, xa que se utilizarán as redes existentes da estrada AC-862 e AC-115 como desaugues, tal e como se detalle no *Documento 2. Planos*.

#### 8.3. DRENAXE LONXITUDINAL

##### 8.3.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Enténdese como drenaxe o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que podan ser evacuadas, de xeito que non cause danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a ter en conta son as seguintes:

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 25 anos.

- O elemento principal de recollida e condución da auga é o bordo, conducindo as augas aos sumidoiros e estes a súa vez aos colectores proxectados.
- A máxima velocidade admisible da auga en colectores de PVC será de 6,0 m/s, de acordo ca Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia – Saneamento.
- Dispóñense na actualidade dunha rede de pluviais nas estradas AC-862 e AC-115.

Todos este aspectos desenvólvense no anexo nº 10 *Drenaxe*.

### 9. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

Terase en conta a seguinte normativa:

- MINISTERIO DE FOMENTO *"Instrucción de Carreteras. Norma 8.3-IC Señalización, balizamiento, defensa, limpieza y terminación de obras fijas en vías fuera de poblado"*. Orde do 31 de agosto de 1987. Madrid. 1987.
- MINISTERIO DE FOMENTO *"Manual de ejemplos de señalización de obras fijas"*. Dirección General de Carreteras. Madrid. 1997.
- MINISTERIO DE FOMENTO *"Señalización móvil de obras"*. Dirección General de Carreteras. Madrid. 1997.

As situacións máis frecuentes durante o desenvolvemento das obras recollidas do presente proxecto serán as seguintes:

- Obras na contorna da glorieta, na que se realizarán traballo no exterior da calzada e ampliación de plataforma. Os traballos requirirán o peche dun dos carrís mentres se executan os traballos previstos no outro.

Para as devanditas situacións seguiranse as recomendacións de sinalización dos exemplos 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.7, 1.8, 1.9, 1.10 e 1.12 (calzada única con dous carrís) do *Manual de ejemplos de señalización de obras fijas*.

### 10. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

Inclúese no anexo nº 12 *Sinalización, balizamento e defensas* a descrición e xustificación dos elementos proxectados.

#### 10.1. SINALIZACIÓN VERTICAL

No Documento nº 2 Planos, quedan reflectidas as localizacións da sinalización vertical existentes que deben ser retranqueadas debido ás obras proxectadas.

#### 10.2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

No Documento nº 2 Planos, quedan reflectidas as marcas viarias necesarias a executar.

### 11. ASPECTOS AMBIENTAIS E DE PATRIMONIO CULTURAL

Os aspectos ambientais e de patrimonio cultural relátanse polo miúdo no anexo nº 13 *Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística*

Segundo a Lei 21/2013 o presente proxecto non está obrigado a someterse a un procedemento de avaliación ambiental ordinario ou simplificado, ao non estar comprendido en ningún dos supostos incluídos no Artigo 6, Artigo 7 e nos Anexos I e II.





Polo tanto, obtense un orzamento total de reposición de **TRES MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS**.

#### 14. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

Tendo en conta as medicións das distintas unidades de obra, estímase que é necesario e suficiente un prazo de execución para a completa realización das obras incluídas no presente proxecto de CINCO (5) MESES.

No anexo nº 17 *Plan de obra* inclúese a xustificación do prazo estimado e un diagrama de Gantt explicativo do programa de traballos.

#### 15. REVISIÓN DE PREZOS

Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de 2017, no seu artigo 103, Capítulo II (*Revisión de prezos nos contratos das entidades do Sector Público*) do Título III (*Obxecto, Orzamento Base de Licitación, Valor estimado, Prezo do Contrato e a súa Revisión*), non procede a revisión de prezos. Non obstante ao anterior, no anexo nº18 *Revisión de prezos e clasificación do contratista* inclúese unha proposta de fórmula de revisión por se, por algunha eventualidade, chegara a ser necesaria; calculada segundo as indicacións dadas na OC 31/2012.

#### 16. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

A clasificación ao contratista é esixible dado o valor estimado do contrato, segundo establece a Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público no seu artigo 77. Polo tanto, propónse que a clasificación do contratista sexa a seguinte:

- Grupo: **G** (Viais e Pistas)
- Subgrupo: **6** (Obras vias sen cualificación específica)
- Categoría: **2** (Contía excedente dos 150.000 euros e non pasante dos 360.000 euros)

#### 17. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

##### 17.1. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

O importe do Orzamento de Execución Material, obtido aplicando as medicións correspondentes aos prezos unitarios reflectidos nos cadros de prezos ascende á cantidade de:

**DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL DOUSCENTOS OITENTA E NOVE EUROS con CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (232.289,54 €).**

##### 17.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SEN I.V.E.

Incrementado o Orzamento de Execución Material nun 13 % de Gastos Xerais e un 6% de Beneficio Industrial, resulta un importe do Orzamento de Base de Licitación das obras do presente proxecto que ascende á cantidade de:

**DOUSCENTOS SETENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS VINTE E CATRO EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS. (276.424,55 €).**

##### 17.3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Incrementado o Orzamento de Base de Licitación nun 21 % de I.V.E. resulta un importe do Orzamento de Base de Licitación + I.V.E das obras do presente proxecto que ascende á cantidade de:

**TRESCIENTOS TRINTA E CATRO MIL CATROCIENTOS SETENTA E TRES EUROS con SETENTA E UN CÉNTIMOS. (334.473,71 €).**

#### 17.4. VIXILANCIA AMBIENTAL

Tal e como se reflecte no *Anexo 13. Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística*, o conxunto de medidas de vixilancia ambiental ascende á cantidade de **DOUS MIL EUROS (2.000,00€)**.

#### 17.5. SEGUIMIENTO E CONTROL ARQUEOLÓXICO

Tal e como se reflecte no *Anexo 13. Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística*, o seguimento e control arqueolóxico ascende á cantidade de **DOUS MIL EUROS (2.000,00€)**.

#### 17.6. EXPROPIACIÓNS

Tal e como se reflecte no *Anexo nº14 Expropiacións*, estas ascenden á cantidade de:

**SESENTA E TRES MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS con NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS. (63.273,95 €).**

#### 17.7. SERVIZOS AFECTADOS

Tal e como se reflecte no *Anexo nº15 Servizos afectados*, estes ascenden á cantidade de **TRES MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS. (3.765,00€)**.

#### 17.8. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

Dos apartados anteriores resulta o anterior resume:

Orzamento base de licitación + I.V.E.	334.473,71 €
Vixilancia ambiental	2.000,00 €
Seguimento e control arqueolóxico	2.000,00 €
Expropiacións	63.273,95 €
Servizos afectados	3.765,00 €
<b>SUMA</b>	<b>405.512,66 €</b>

Polo que ascende o orzamento para coñecemento da administración das obras incluídas no presente proxecto a cantidade **CATROCIENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS DOCE MIL EUROS con SESENTA E SEIS CÉNTIMOS**.

#### 18. CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN

##### 18.1. DECRETO 1098/2001: DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

Dado que a obra obxecto do presente proxecto inclúe tódolos traballos precisos que a converten en executable, considérase que se cumpre o decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e concretamente o seu artigo 125.1, onde se di: "*os proxectos deberán referirse a obra completa, entendéndose por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente*" e o artigo 13.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro da LCSP: "*Os contratos de obra farán referencia á unha obra completa entendendo por esta a susceptible de seren entregada ó seu uso xeral ou ó servizo correspondente sen prexuízo das ampliacións das que podan ser obxecto posteriormente e abranguerá todos e cada uns dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra*".

## 19. DOCUMENTOS INCLÚIDOS NO PROXECTO

O presente proxecto consta dos seguintes documentos, dando cumprimento ao establecido no artigo 233 do Texto Refundido da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, onde contéplase o contido dos proxectos e a súa responsabilidade derivada da súa elaboración.

### DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

#### MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

- Anexo nº 1. CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDIO
- Anexo nº 2. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS
- Anexo nº 3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFIA
- Anexo nº 4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
- Anexo nº 5. CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
- Anexo nº 6. PLANEAMENTO
- Anexo nº 7. TRÁFICO E FIRMES
- Anexo nº 8. TRAZADO
- Anexo nº 9. MOVEMENTO DE TERRAS
- Anexo nº 10. DRENAXE
- Anexo nº 11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS
- Anexo nº 12. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
- Anexo nº 13. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
- Anexo nº 14. EXPROPIACIÓNS
- Anexo nº 15. SERVIZOS AFECTADOS
- Anexo nº 16. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
- Anexo nº 17. PLAN DE OBRA
- Anexo nº 18. REVISIÓN DE PREZOS E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
- Anexo nº 19. ESTIMACIÓN DE PREZOS
- Anexo nº 20. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

### DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

- Plano nº 1. EMPRAZAMENTO E ÍNDICE
- Plano nº 2. ESTADO ACTUAL E REPLANTEO
- Plano nº 3. PLANTA DE ACTUACIÓNS
- Plano nº 4. TRABALLOS PREVIOS
- Plano nº 5. PERFÍS LONXITUDINAIS
- Plano nº 6. SECCIÓNS TIPO
- Plano nº 7. PERFÍS TRANSVERSAIS
- Plano nº 8. DRENAXE
- Plano nº 9. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
- Plano nº 10. REPOSICIÓN DE SERVIZOS AFECTADOS
- Plano nº 11. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

### DOCUMENTO Nº 3. ORZAMENTOS

- MEDICIÓNS AUXILIARES

- MEDICIÓNS XERAIS
- CADRO DE PREZOS Nº 1
- CADRO DE PREZOS Nº 2
- ORZAMENTOS PARCIAIS
- RESUMO DE ORZAMENTO

## 20. CONCLUSIÓN

Co exposto nesta memoria e demais documentos do proxecto relacionados no apartado anterior, considérase que quedan suficientemente definidas as obras para a súa correcta execución e por tanto propónse a súa aprobación polo órgano de contratación.

A Coruña, maio de 2024

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos  
Autor do Proxecto

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos  
Director do Proxecto

Asdo.: Hadrián Arias Durán

Asdo.: José Enrique Pardo Landrove



## ÍNDICE

### 1. ANTECEDENTES

- 1.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS
- 1.2. ANTECEDENTES TÉCNICOS

### 2. OBJETO

### 3. COORDINACIÓN CON OTROS ORGANISMOS Y SERVICIOS

### 4. DATOS PREVIOS

- 4.1. LOCALIZACIÓN
- 4.2. CARTOGRAFÍA
- 4.3. GEOLOGÍA Y GEOTECNIA
- 4.4. EFECTOS SÍSMICOS
- 4.5. CLIMATOLOGÍA E HIDROLOGÍA
- 4.6. PLANEAMIENTO
- 4.7. TRÁFICO

### 5. TRAZADO

- 5.1. DESCRIPCIÓN DEL TRAZADO
- 5.2. TRAZADO EN PLANTA
- 5.3. TRAZADO EN ALZADO
- 5.4. SECCIÓN TRANSVERSAL

### 6. MOVIMIENTO DE TIERRAS

- 6.1. INTRODUCCIÓN
- 6.2. ESTUDIO DE COMPENSACIÓN

### 7. FIRMES Y PAVIMENTOS

- 7.1. EXPLANADA
- 7.2. TRONCO Y GLORIETA
- 7.3. ACCESO A LAS CALLES LOCALES
- 7.4. ACERA

### 8. DRENAJE

- 8.1. OBJETO
- 8.2. DRENAJE TRANSVERSAL
- 8.3. DRENAJE LONGITUDINAL

### 9. SOLUCIONES AL TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

### 10. SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTO E DEFENSAS

- 10.1. SEÑALIZACIÓN VERTICAL
- 10.2. SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL

### 11. ASPECTOS AMBIENTALES Y DE PATRIMONIO CULTURAL

- 11.1. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS
- 11.2. PROGRAMA DE SEGUIMIENTO AMBIENTAL

### 12. EXPROPIACIONES

- 12.1. GENERALIDADES
- 12.2. DESCRIPCIÓN Y PRESUPUESTO DE LAS EXPROPIACIONES

### 13. SERVICIOS AFECTADOS

- 13.1. GENERALIDADES
- 13.2. SERVICIOS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 13.3. SERVICIOS DE SUMINISTRO

### 14. PLAZO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS

### 15. REVISIÓN DE PRECIOS

### 16. CLASIFICACIÓN DEL CONTRATISTA

### 17. PRESUPUESTO PARA EL CONOCIMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN

- 17.1. PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL
- 17.2. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SIN I.V.A.
- 17.3. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN
- 17.4. VIGILANCIA AMBIENTAL
- 17.5. SEGUIMIENTO Y CONTROL ARQUEOLÓGICO
- 17.6. EXPROPIACIONES
- 17.7. SERVICIOS AFECTADOS
- 17.8. PRESUPUESTO PARA CONOCIMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN

### 18. CUMPLIMIENTO DE LA LEGISLACIÓN

- 18.1. DECRETO 1098/2001: DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

### 19. DOCUMENTOS INCLUIDOS EN EL PROYECTO

### 20. CONCLUSIÓN

## 1. ANTECEDENTES

### 1.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Por resolución del 27 de septiembre de 2023, de la Agencia Gallega de Infraestructuras de la Xunta de Galicia emitió la orden de estudio para el proyecto de trazado y construcción "Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xubia" de clave AC/23/151.06, enmarcado en el programa de seguridad viaria.

Con fecha de 5 de octubre de 2023, la Agencia Gallega de Infraestructuras de la Xunta de Galicia adjudicó a Diseños Estruturais e Viarios, S.L. la realización de dicho trabajo, quedando formalizado el contrato en la misma fecha.

### 1.2. ANTECEDENTES TÉCNICOS

La Agencia Gallega de Infraestructuras detectó la necesidad de realizar diversas actuaciones encaminadas a la mejora de la intersección existente actualmente en la intersección de la AC-862 con la AC-115, en Xubia, en el ayuntamiento de Neda; el que aconseja la redacción de un proyecto para su estudio y valoración mediante la ejecución de una glorieta en la superficie que ocupa la dicha intersección; por lo que encomienda la redacción de un proyecto para su estudio y valoración.

Incluyendo además todas las actuaciones complementarias necesarias para la ejecución de la glorieta y garantizar su funcionalidad: Mayor seguridad vial, disminución de los tiempos de espera y fácil ubicación de semáforos, facilitar la incorporación d, etc.

El presente proyecto se encuadra en la "Seguridad vial" y más en concreto en el "Subprograma 7.1 Mejora de intersecciones".

Se describen a continuación las carreteras que forman parte del ámbito de actuación del presente proyecto:

- La carretera AC-115 Fene (N-651) - Xubia (AC-862), discurre desde el núcleo de Fene (N-651) hasta Xubia (AC-862) y pertenece a la Red Local de Carreteras de la Comunidad Autónoma de Galicia.
- La carretera AC-862 Ferrol (Lím. Ayuntamiento) - Lím. Prov. – San Cibrao, discurre desde lo límite del ayuntamiento de Ferrol hasta Doso (AG-64) y pertenece a la Red Local de Carreteras de la Comunidad Autónoma de Galicia

## 2. OBJETO

El objeto del presente proyecto comprende la reforma de la intersección entre las carreteras autonómicas AC-862 y AC-115, mejorando, tanto la seguridad y eficiencia, como su imagen urbana, en el ayuntamiento de Neda. A causa de la reciente demolición de una edificación a un lado de la AC-115, hace factible el desarrollo de las actuaciones al quedar espacio necesario para las mismas. Del mismo modo se produce la mejora de las condiciones de seguridad vial de la intersección existente de la carretera AC-862 con la AC-115 en Xubia (Neda), con elevado tráfico de vehículos pesados y escasa visibilidad en la actualidad; mediante la ejecución de una glorieta en ese punto.

La intersección existente, con forma de "T" y con todas las posibles opciones de giro por la actual configuración de los semáforos, causa demoras de la espera de manera que se van acumulando tiempos extra de las secuencias de despeje y seguridades de los mismos (rojo – rojo). Más concretamente las actuaciones incluidas en el presente proyecto son las siguientes:

- Reordenar y aliviar el tráfico en este punto.
- Facilitar la incorporación de un camino estrecho con pésima visibilidad en la actualidad, a la carretera AC-862.

Las actuaciones que se proyectan en este punto consisten en la ejecución de una glorieta que acoja todas las carreteras que se encuentran en esta intersección, y así proporcionar una mayor seguridad vial en este punto. Como consecuencia de esta actuación, dichos viales de entrada y salida de la glorieta se verán modificados en planta y alzado, y se realizarán operaciones de acondicionamiento del pavimento existente en todos ellos.




Figura 1. Planta de la actuación en el entorno de la intersección de las carreteras AC-862 y AC-115

En consecuencia, con lo anterior, el presente proyecto de trazado tiene como finalidad definir y desarrollar las distintas unidades de obra, precisas para poder llevar a cabo las obras correspondientes a las necesidades, definiéndolas completamente en la memoria, planos y presupuesto.

## 3. COORDINACIÓN CON OTROS ORGANISMOS Y SERVICIOS

Dada la localización de las obras contenidas en el presente proyecto, fue necesaria la coordinación con otros organismos, como son los siguientes:

- Axencia Galega de Infraestructuras.
- Ayuntamiento de Neda como titular de los servicios de alumbrado, abastecimiento y saneamiento y de los propietarios de los servicios de suministro.
- Augas de Galicia.

La localización de los servicios de suministro proviene de la información obtenida de INKOLÁN, de las visitas de campo, de los trabajos topográficos y de la obtenida por consulta a los documentos municipales.



## 4. DATOS PREVIOS

### 4.1. LOCALIZACIÓN

El área de actuación se sitúa en la intersección de las carreteras AC-862 y AC-115, pertenecientes ambas a la Red Local de Carreteras de Galicia, en el Término Municipal de Neda, provincia de A Coruña.

Anca (San Pedro), Neda (Sano Nicolás), Santa María de Neda (Santa María) y Viladonelle (Sano Andrés) son las cuatro parroquias de las que está compuesto dicho Término Municipal de Neda.



Figura 1. Localización de la zona de proyecto

### 4.2. CARTOGRAFÍA

#### 4.2.1. BASE CARTOGRÁFICA

- **Estudo de compensacións:** Aplicando a consideración do anexo de xeotecnia ás medicións reflectidas no orzamento obtéñense os volumes resultantes das diferentes unidades consideradas no movemento de terras, o que permite calcular finalmente a necesidade de material de empréstito ou a cantidade de material sobrante para prever, en caso necesario, os vertedoiros. Para iso aplícanse os correspondentes coeficientes de paso a cada tipo de material obtido nos desmontes.

## 2. CLASIFICACIÓN DE MATERIAIS

Tendo en conta a información recabada no anexo nº4 Xeoloxía e xeotecnia, considérase que todo o material procedente da escavación da traza será tolerable, aplicable para formación do núcleo de terraplén.

## 3. ESTUDO DE COMPENSACIÓNS

Realizado o cálculo de acordo co anteriormente indicado obtense o seguinte balance:

### 3.1. APORTES

Os volumes extraídos da traza son os seguintes:

- **551,92 m<sup>3</sup>** de material de escavación das unidades, segundo os listados que se presentan no Documento nº4: Orzamento, no apartado de *Medicións Auxiliares*.
- **245,43 m<sup>3</sup>** de material de escavación en gabias para a colocación da rede de pluviais, segundo os listados que se presentan no Documento nº4: Orzamento, no apartado de *Medicións Auxiliares (Drenaxe)*.
- **10,62 m<sup>3</sup>** de material de escavación en gabias para a colocación da canalización de alumado público (53,10 m x 0,20 m<sup>2</sup>).
- **171,40 m<sup>3</sup>** de terra vexetal, resultando de estimar 0,20 m<sup>3</sup> por cada m<sup>2</sup> de desbroce, segundo os listados que se presentan no Documento nº4: Orzamento, no apartado de *Medicións Auxiliares (Traballos previos)*.

## 3.2. NECESIDADES

Os volumes requiridos para os recheos son os seguintes:

- Para os recheos son precisos **69,22 m<sup>3</sup>** de material tolerable, segundo os listados que se presentan no Documento nº4: Orzamento, no apartado de *Medicións Auxiliares (Movemento de terras)*.
- Para a formación de explanada son precisos **725,14 m<sup>3</sup>** de material seleccionado, segundo o Documento nº4: Orzamento, no apartado de *Medicións Auxiliares (Movemento de terras)*.
- Para os recheos nas gabias da rede de pluviais son precisos **141,53 m<sup>3</sup>** de material adecuado ou tolerable, segundo os listados que se presentan no Documento nº4: Orzamento, no apartado de *Medicións Auxiliares (Drenaxe)*.

## 3.3. COMPENSACIÓN

Por tanto, o balance é o seguinte, unha vez aplicados os coeficiente de paso ou esponxamento:

MATERIAL PARA RECHEOS E NOIROS (m <sup>3</sup> )				
LOCALIZACIÓN	TIPO	NECESIDADES	PROCEDENCIA	
			EXCAVACIÓN	PRÉSTAMO
AC-862 e AC-115	Adecuado/Tolerable	69,22	551,92	0,00
	Seleccionado	752,14	0,00	752,14
Gabia Pluviais	Adecuado/Tolerable	141,53	245,43	0,00
Gabia Alumado	Adecuado/Tolerable	0,00	10,62	0,00
			<b>807,97</b>	<b>752,14</b>

MATERIAL A VERTEDOIRO (m <sup>3</sup> )				
UNIDADE	EXTRAÍDO	UTILIZADO	COEF.	VERTEDOIRO
Caixeadado xeral	551,92	69,22	1,06	515,82
Gabias	256,05	141,53	1,20	165,73
Terra vexetal	171,40	0,00	1,45	248,53
				<b>930,08</b>

Debido ás cantidades de terras que se manexan no presente proxecto, non se estima necesario realizar un estudo económico da localización de préstamos e vertedoiros, xa que os volumes son doadamente xestionables sen necesidade de aplicar suplementos por distancias de transporte.





**ANEXO Nº 10. DRENAXE**



## ÍNDICE

<b>1. OBXECTO .....</b>	<b>1</b>
<b>2. NORMATIVA E REFERENCIAS .....</b>	<b>1</b>
<b>3. DRENAXE TRANSVERSAL.....</b>	<b>1</b>
<b>4. DRENAXE LONXITUDINAL .....</b>	<b>1</b>
4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS .....	1
4.2. CONSIDERACIÓNS DE DESEÑO .....	1

## 1. OBXECTO

O obxecto do presente anexo é recoller as hipóteses, consideracións e cálculos referentes á drenaxe das obras recollidas no proxecto de trazado da obra de "Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xubia)". Contémplanse os seguintes aspectos:

- Drenaxe superficial, que comprende:
  - A recollida das augas procedentes da plataforma e as súas marxes.
  - A evacuación das devanditas augas recollidas a redes de augas pluviais.
- Drenaxe profunda, consistente en impedir o acceso da auga ás capas superiores da estrada, especialmente ao firme mediante a utilización de diversos tipos de drenes subterráneos, arquetas e canalizacións de desaugadoiro.

## 2. NORMATIVA E REFERENCIAS

A continuación cítase a normativa de aplicación e as referencias consultadas para a redacción do anexo:

- CHOW, V.T. "Hidráulica de canales abiertos" McGraw Hill Interamericana. Bogotá (Colombia). 2004
- COUTINHO DE LENCASRE "Manual de Ingeniería Hidráulica" Universidad Pública de Navarra. Pamplona. 1998
- FEDERAL HIGHWAY ADMINISTRATION "Hydraulic Design of Energy Dissipators for Culverts and Channels" FHWA Resource Center. Arlington VA (EE.UU.) 2006
- MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS Y URBANISMO "Instrucción de Carreteras: Norma 5.2-IC Drenaje superficial" aprobada por la Orden FOM/298/2016
- MINISTERIO DE FOMENTO "Recomendaciones para el proyecto y construcción del drenaje subterráneo en obras de carretera. OC 17/2003" Centro de Publicaciones del Ministerio de Fomento. Madrid. 2004
- PETERKA, A.J. "Hydraulic Design of Stilling Basins and Energy Dissipators" 8ª Edición. U.S. Department of Interior, Bureau of Reclamations. Denver CO (EE.UU.) 1984

## 3. DRENAXE TRANSVERSAL

Non se afectará a ningunha obra de drenaxe transversal existente, xa que se utilizarán as redes existentes das estrada AC-862 e AC-115 como desaugues, tal e como se detalle no Documento 2. Planos.

## 4. DRENAXE LONXITUDINAL

### 4.1. CONSIDERACIÓN XERAIS

Enténdese como drenaxe o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que podan ser evacuadas, de xeito que non cause danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a ter en conta son as seguintes:

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 25 anos.
- O elemento principal de recollida e conducción da auga é o bordo, conducindo as augas aos sumidoiros e estes a súa vez aos colectores proxectados.
- A máxima velocidade admisible da auga en colectores de PVC será de 6,0 m/s, de acordo ca Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia – Saneamento.

- Na actualidade dispónse dunha rede de pluviais nas estradas AC-862 e AC-115.

### 4.2. CONSIDERACIÓNS DE DESEÑO

Na zona de actuación executarase unha nova rede de pluviais no tramo de actuación, de PVC Ø400 mm, cos seus respectivos sumidoiros e pozos, e que conectará no límite da actuación proxectada coas redes de pluviais existentes. Inclúese a continuación a capacidade máxima do tubo Ø400 mm proxectado en ambas estradas, cunha pendente media do 2,10% na estrada AC-115 e unha pendente do 5,20% na AC-862, no tramo da actuación, e adoptando un máximo calado admisible do 75% do enchido do colector, segundo recolle as ITOHG.




Figura 1. Capacidade máxima admisible do colector de PVC Ø400 proxectado na AC-115 no tramo de actuación.




Figura 2. Capacidade máxima admisible do colector de PVC Ø400 proxectado na AC-862 no tramo de actuación.

No Documento 2. Planos represéntase a localización da nova rede proxectada e os puntos de conexión da mesma coas redes de pluviais existentes.





## ANEXO Nº 11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS



## ÍNDICE

<b>1. OBXECTO .....</b>	<b>1</b>
<b>2. NORMATIVA.....</b>	<b>1</b>
<b>3. ANÁLISE DO EFECTO DAS OBRAS .....</b>	<b>1</b>
<b>4. DESVÍOS DA CIRCULACIÓN .....</b>	<b>1</b>
4.1. XERALIDADES .....	1
<b>5. LIMITACIÓN DA VELOCIDADE .....</b>	<b>1</b>
<b>6. SINALIZACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS.....</b>	<b>1</b>
6.1. ESQUEMAS DE SINALIZACIÓN .....	1
<b>7. ELEMENTOS DE SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO .....</b>	<b>5</b>
<b>8. SINAIS MANUAIS .....</b>	<b>5</b>



## 1. OBXECTO

O presente anexo ten por obxectivo analizar o grado de compatibilidade da execución das obras coa circulación das estradas que son obxecto de actuación, propoñendo as solucións que se consideren óptimas para diminuír os devanditos efectos e manter o servizo dentro de condicións razoables de funcionamento.

## 2. NORMATIVA

Para o desenvolvemento do presente anexo tívose en conta a seguinte normativa:

- MINISTERIO DE FOMENTO "*Instrucción de Carreteras. Norma 8.3-IC Señalización, balizamiento, defensa, limpieza y terminación de obras fijas en vías fuera de poblado*". Orde do 31 de agosto de 1987. Madrid. 1987.
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Manual de ejemplos de señalización de obras fijas*". Dirección General de Carreteras. Madrid. 1997.
- MINISTERIO DE FOMENTO "*Señalización móvil de obras*". Dirección General de Carreteras. Madrid. 1997.

## 3. ANÁLISE DO EFECTO DAS OBRAS

As situacións máis frecuentes durante o desenvolvemento das obras recollidas do presente proxecto serán as seguintes:

- Obras na contorna da glorieta, na que se realizarán traballo no exterior da calzada e ampliación de plataforma. Os traballos requirirán o peche dun dos carrís mentres se executan os traballos previstos no outro.

Para as devanditas situacións seguiranse as recomendacións de sinalización dos exemplos 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.7, 1.8, 1.9, 1.10 e 1.12 (calzada única con dous carrís) do *Manual de ejemplos de señalización de obras fijas*.

## 4. DESVÍOS DA CIRCULACIÓN

### 4.1. XERALIDADES

A efectos da Instrución 8.3-IC, e atendendo á funcionalidade das vías afectadas polas obras, estas clasifícanse dentro dos casos A (vías de dobre sentido de circulación, calzada única con 2 carrís) ou B (vías de dobre sentido de circulación, calzada única con 2 carrís e carril adicional).

En canto á situación do obstáculo representado por unha zona fixa de obras ou actividades, na Instrución 8.3-IC distínguense os casos seguintes:

- Exterior á plataforma.
- Na beiravía exterior.
- Na beiravía interior.
- Na mediana.
- Na calzada, sen diminuír o número de carrís abertos á circulación.
- Na calzada, diminuíndo nun o número de carrís abertos á circulación.
- Na calzada, de forma que se requira diminuír en máis dun o número de carrís abertos á circulación.
- Na calzada, de forma que se requira o corte total desta.

A combinación de ambas as casuísticas (funcionalidade da vía e situación do obstáculo) máis frecuente durante o desenvolvemento das obras será a **A6**.

## 5. LIMITACIÓN DA VELOCIDADE

Cando se peche un carril á circulación, este poderá ser interior ou exterior, e os vehículos que por el transiten deberán converxer cos do carril contiguo do mesmo sentido. A realización da manobra requirirá unha redución da velocidade dos vehículos.

Trátase por tanto de reducir a velocidade de percorrido dos vehículos desde a de aproximación (VAI) ata a velocidade limitada (VL) dos vehículos ao principio do peche do carril, ao longo dun certo percorrido anterior á sección en que sexa necesaria esta última. O modelo empregado é o clásico composto por un primeiro percorrido a velocidade constante, durante un certo tempo de percepción e reacción por parte do condutor (estimado nuns dous segundos) ante o aviso de que vai ter que reducir a súa velocidade, seguido dun movemento uniformemente decelerado en rasante inclinada ata alcanzar a VL.

O valor da deceleración media (non compensada pola inclinación da rasante) pode tomarse desde un 5 km/h/s, correspondentes a reter o vehículo por medio do motor cortando a admisión de aire a este, ata un 10 km/h/s, correspondentes á aplicación dos freos sen brusquidade.

A relación deste modelo coa sinalización vertical é a seguinte:

- O usuario, ao percibir o primeiro sinal TP-18 (obras), empeza a reducir a súa velocidade se é preciso segundo o modelo descrito ata que, ao chegar a aquela, non supera a máxima permitida.
- O primeiro sinal TR-301 (limitación de velocidade) debe ser visible, como mínimo, desde a TP-18, a cal deberá distar dela unha distancia non inferior á correspondente á necesaria redución de velocidade, incluíndo o tempo de percepción e reacción.
- Cando haxa máis sinais TR-301 deberán situarse de forma que cada unha sexa visible desde a anterior, e que á súa altura a velocidade real non pase a sinalada. Non será necesario ter en conta o tempo de percepción e reacción, pois o proceso de deceleración será agora continuo.
- Cando a ordenación da circulación implique a detención dos vehículos, a primeira sección en que esta poida producirse deberá distar do último sinal TR-301, como mínimo, o necesario para deterse desde a velocidade sinalada.

Adóptase para VL un valor de 50 km/h (considerando este o maior valor posible compatible coa visibilidade e proteccións dispoñibles), salvo no caso de ordenación en sentido único alternativo, na que o límite para os vehículos que non teñan que deterse rebáixase a 40 km/h.

Na táboa 3 da Instrución 8.3-IC resúmense as distancias percorridas segundo o modelo descrito, para diversos valores das velocidades de aproximación VAI e limitada VL. Na táboa consígnanse como recomendables as distancias correspondentes a deceleración media de 5 km/hora/s, e como mínimas as correspondentes a 10 km/hora/s.

Para lograr limitar a velocidade a un valor VL ao aproximarse á zona de obras recorrerase a dispoñer unha axeitada sinalización vertical.


O peche dun só carril á circulación farase diminuíndo linealmente a súa anchura, de forma que a cotanxente do ángulo formado pola liña inclinada de peche do carril co eixo da vía non sexa menor de VL/1,6.


## 6. SINALIZACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS


### 6.1. ESQUEMAS DE SINALIZACIÓN

Achéganse a continuación os esquemas de sinalización máis frecuentes a adoptar para os desvíos da circulación contemplados no presente proxecto:













## 7. ELEMENTOS DE SINIALIZACIÓN E BALIZAMENTO

- Sinais de perigo TP-17a (Estreitamento de calzada pola marxe dereita), TP-17b (Estreitamento de calzada pola marxe esquerda), TP-18 (obras) e TP-31 (conxestión).
- Sinais de regulamentación e prioridade TR-301 (limitación de velocidade), TR-305 (prohibición de adiantamento) e TR-500 (fin de prohibicións).
- Sinais manuais TM-1 (bandeirola de obra), TM-2 (paso permitido) e TM-3 (paso prohibido).
- Elementos reflectores TB-2 (panel direccional con soporte), TB-5 (panel direccional con soporte), TB-6 (conos) e TB-7 (picarañas).
- Cinta de balizamento vermello e branco

Ademais, débense ter en conta os seguintes aspectos:

- Os sinais cumprirán as prescricións da Instrución 8.3-IC en canto ás súas dimensións mínimas.
- O bordo inferior dos sinais deberá estar a 1 m do chan.
- A fin de lograr unha visibilidade máxima, todas as superficies planas de sinais e elementos de balizamento reflectores (excepto a marca viaria TB-12) deberán estar perpendiculares ao eixo da vía, quedando expresamente prohibido o situálas paralelas ou oblicuas á traxectoria dos vehículos.
- O deseño dos sinais TP, TR e TS serán iguais ao das que se empreguen para a ordenación da circulación cando non haxa obras, agás que o fondo de todos os sinais TP, e total ou parcialmente o de todas sinálelas TS será amarelo.
- Os sinais verticais deben ser de cor amarela e retrorreflectancia RA-2
- Os elementos de cor branca, amarelo, vermello e azul deberán ser reflectores.

## 8. SINAIIS MANUAIS

E preciso o uso de sinais manuais en zonas moi reducidas do tipo TM-1 (bandeirola de obra), TM-2 (paso permitido) e TM-3 (paso prohibido). A cadencia de tráfico en ditas zonas non é abundante, polo que o control dos tempos de paso queda supeditado a mans dos técnicos da obra en función dos requirimentos de tráfico en cada momento, non e preciso realizar unha análise máis exhaustivo.



**ANEXO Nº 12. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS**



## ÍNDICE

<b>1. OBXECTO</b> .....	<b>1</b>
<b>2. NORMATIVA</b> .....	<b>1</b>
<b>3. CLASIFICACIÓN DA ESTRADA</b> .....	<b>1</b>
<b>4. SINALIZACIÓN VERTICAL</b> .....	<b>1</b>
4.1. ELEMENTOS .....	1
4.2. CARACTERÍSTICAS .....	1
4.3. DISPOSICIÓN LONXITUDINAL DE SINAIS E CARTEIS.....	2
4.4. DISPOSICIÓN TRANSVERSAL DE SINAIS E CARTEIS.....	2
<b>5. SINALIZACIÓN HORIZONTAL</b> .....	<b>2</b>
5.1. INTRODUCCIÓN .....	2
5.2. SELECCIÓN DO TIPO DE MATERIAL .....	2
5.3. MARCAS LINEAIS LONXITUDINAIS DISCONTINUAS .....	3
5.4. MARCAS LINEAIS LONXITUDINAIS CONTINUAS .....	3
5.5. MARCAS LINEAIS TRANSVERSAIS E INSCRICIÓNS.....	3
5.6. OUTRAS MARCAS.....	4
<b>6. BALIZAMENTO</b> .....	<b>4</b>



## 1. OBXECTO

O presente anexo ten como obxecto a descrición e xustificación dos elementos de sinalización, balizamento e defensas incluídos no proxecto.

## 2. NORMATIVA

Para o desenvolvemento do presente anexo tívose en conta a seguinte normativa:

- MINISTERIO DE FOMENTO "Instrucción de Carreteras. Norma 8.1-IC Señalización vertical". Orde FOM/534/2014 do 20 de marzo.
- MINISTERIO DE FOMENTO "Instrucción de Carreteras. Norma 8.2-IC Marcas viales". Orde Ministerial de 16 de xullo de 1987. Madrid. 1987.
- PG-3. Artigo 702 "Captafaros retrorreflectantes de utilización en sinalización horizontal".
- PG-3. Artigo 704 "Barreras de seguridad, pretilas y sistemas para protección de motociclistas"
- Orde Circular 35/2014 da Dirección Xeral de Estradas.

## 3. CLASIFICACIÓN DA ESTRADA

A sinalización vertical e horizontal, así coma os sistemas de contención e balizamento, deberán ser os axeitados para o tipo de vía en proxecto. Os viarios teñen as seguintes características:

EIXE	TIPO	ANCHO DE BEIRAVÍA	V <sub>P</sub> (km/h)	V <sub>legal ASC.</sub> (km/h)	V <sub>legal DESC.</sub> (km/h)	IMD
AC-862	Local	< 1,50 m	EXISTENTE	EXISTENTE	EXISTENTE	< 5000
AC-115	Local	< 1,50 m	EXISTENTE	EXISTENTE	EXISTENTE	< 10.000

## 4. SINALIZACIÓN VERTICAL

### 4.1. ELEMENTOS

No Documento nº 2 Planos, quedan reflectidas as localizacións da sinalización vertical existente que deben ser retranqueadas debido ás obras proxectadas.

### 4.2. CARACTERÍSTICAS

#### 4.2.1. RETRORREFLECTANCIA

Tal como establece a normativa vixente, para que as sinais sexan visibles en todo momento, todos os seus elementos constituíntes deberán ser retrorreflectantes: fondo, caracteres, orlas, frechas, símbolos e pictogramas en cor, agás os de cor negro e azul ou gris escuro.

Actualmente existen tres clases de retrorreflexión, independentemente da natureza microesférica ou microprismática dos materiais: Clase RA1, Clase RA2 e Clase RA3.

A Clase RA3, á súa vez, divídese en tres clases: Clase RA3- ZA, Clase RA3- ZB e Clase RA3-ZC, con diferentes xeometrías e coeficientes de retrorreflexión, de forma que cada unha das zonas está especificada para:

- Clase RA3-ZA: recomendada para especificar materiais retrorreflectantes a utilizar en carteis e paneis complementarios en tramos interurbanos de autoestradas e autovías.

- Clase RA3-ZB: recomendada para especificar materiais retrorreflectantes a utilizar en contornas complexas (glorietas, interseccións, etc.), tramos periurbanos e en carteis e paneis complementarios en tramos interurbanos de estradas convencionais.
- Clase RA3-ZC: recomendada para especificar materiais retrorreflectantes a utilizar en zonas urbanas.

A clase de retrorreflexión será a mesma en todos os elementos dunha mesma sinal ou cartel e non deberá ser inferior aos prescritos na táboa 1 da Norma 8.1-IC.


TIPO DE SINAL OU CARTEL	ENTORNO DE UBICACIÓN DA SINAL OU CARTEL		
	ZONA PERIURBANA (Travesías, circunvalacións...)	AUTOPISTA, AUTOVÍA VÍA RÁPIDA	ESTRADA CONVENCIONAL
SINAIS DE CÓDIGO	Clase RA2	Clase RA2	Clase RA2
CARTEIS E PANEIS COMPLEMENTARIOS	Clase RA3-ZB	Clase RA3-ZA	Clase RA2

O caso presente corresponde a unha zona periurbana, polo que as características de retrorreflexión serán as indicadas na táboa seguinte:

TIPO DE SINAL	CLASE DE RETRORREFLEXIÓN
Sinais de código	Clase RA2
Carteis	Clase RA3-ZB

### 4.2.2. DIMENSIÓNS

O tamaño dos sinais de contido fixo veñen prescritos na figura 165 da Norma 8.1-IC



Os tamaños dos sinais verticais empregados varían dependendo da categoría da estrada na que se atopan, no caso en estudo, pertencen a estrada convencional con beiravía:


TRIANGULAR	CIRCULAR	OCTOGONAL	CADRADA
L = 1.350 mm	Ø=900 mm	2A =900 mm	L = 900 mm

#### 4.3. DISPOSICIÓN LONXITUDINAL DE SINAIS E CARTEIS

- Os sinais de perigo colocaranse, en xeral, entre 150 e 250 m antes da sección onde se poda atopar o perigo que anuncien, dependendo da velocidade de percorrido, visibilidade dispoñible, natureza do perigo e da manobra necesaria.
- Os sinais de regulamentación disporanse na sección onde comece a súa aplicación, reiterándose en intervalos correspondentes a un tempo de percorrido dun minuto.
- Os sinais ou carteis de indicación poderán ter diversas colocacións, segundo os casos:
- Carteis de presinalización, confirmación e de destino para saída inmediata estarán dispostos con arranxo a disposicións específicas que se tratarán mais adiante
- Os carteis frecha, o comezo de illotes tipo lágrima ou de encanamento (non nas divisorias) e, excepcionalmente, na marxe oposta a aquel polo que se acceda a outra estrada.

#### 4.4. DISPOSICIÓN TRANSVERSAL DE SINAIS E CARTEIS

Enténdese por afastamento dunha sinal respecto a un bordo coma a distancia que separa o plano vertical tanxente ó bordo da sinal mais próxima á calzada, do plano vertical que contén o bordo da beiravía, o borde da estrada ou o plano tanxente á barreira de seguridade e máis próximo á sinal.



	A	B	H
Autopista, Autovía Vía Rápida	Mínimo 3,0 m.	Mínimo 0,7 m.	2,0 m.
Estrada convencional con beiravía $\geq 1.5$ m.	Mínimo 2,5 m.	Mínimo 0,5 m.	1,8 m.
Estrada convencional con beiravía $< 1.5$ m.	Mínimo 1,0 m. Recomendable 1,5 m.	Mínimo 0,5 m.	1,5 m.

As distancias estimadas para o presente proxecto describíense no seguinte cadro:

SEPARACIÓN Ó BORDE DA ESTRADA	SEPARACIÓN Ó BORDE DA BEIRAVÍA	ALTURA SOBRE A ESTRADA Ó BORDE INFERIOR DO SINAL
Mínimo 1,00 m Recomendable 1,50 m	Mínimo 0,50 m	1,50 m

En zona urbana, se o sinal ou cartel se sitúa sobre beirarrúas ou zonas destinadas á circulación de peóns, a diferenza de cota entre o bordo inferior do sinal ou o cartel e a devandita beirarrúa ou zona non será inferior a 2,20 m.

Polo tanto, os sinais que se sitúan sobre a zona de tránsito dos peóns, ao ser a zona de actuación unha zona urbana, disporán dunha altura mínima de 2,20 m.

Con respecto aos carteis frecha, situaranse a unha altura mínima de 2,20 m para non entorpecer a visión do tráfico, agás cando haxa varios amontoados, que se poderán colocar deixando unha altura libre de 1,70 m.




Figura 1. Altura dos carteis frecha, segundo a Instrución 8.1-IC.

## 5. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

### 5.1. INTRODUCCIÓN

As dimensións das marcas viarias empregadas (lonxitudinais descontinuas, lonxitudinais continuas, transversais, frechas e inscricións) varían en función do tipo de vía a sinalizar e da velocidade máxima de circulación na mesma.

### 5.2. SELECCIÓN DO TIPO DE MATERIAL

A selección da clase de material máis idónea para cada aplicación de marca viaria levarase a cabo mediante a determinación do "factor de desgaste", definido como a suma dos catro valores individuais asignados na táboa seguinte a todas e cada unha das características da estrada.

CARACTERÍSTICA	VALOR INDIVIDUAL DE CADA CARACTERÍSTICA					
	1	2	3	4	5	8
Situación da marca viaria	Zona excluída ó tráfico	Banda lateral esquerda (calz. separ.)	Bandas laterais (calz. única)	Separación de carrís	Separación de carrís especiais	Símbolos, letras e frechas
Textura superficial (altura de area, en mm)	Baixa $H < 0,7$	<b>Media</b> $0,7 < H < 1,0$	-	Alta $H > 1,0$	-	-
Ancho de calzada (a, en m)	Vías de calzadas separadas	<b>Calz. única boa visibil.</b> $a \geq 7,0$	Calz. única boa visib. $6,5 < a < 7,0$	Calz. única boa visib.. $a < 6,5$	Calzada única, mala visibilidade	-
IMD	<b>&lt; 5.000</b>	5.000-10.000	10.000- 20.000	> 20.000	-	-

No caso en estudo, o factor de desgaste correspondente a cada situación de marca viaria é o seguinte:

Situación da marca viaria	Marca na zona excluída ó tráfico	Bandas laterais, en vías de calzada única	Eixo ou separación de carrís	Marcas viarias para separación de carrís especiais	Pasos de peóns e ciclistas. Símbolos, letras e frechas
Factor de desgaste	1+2+2+1 = 6	3+2+2+1 = 8	4+2+2+1 = 9	5+2+2+1 = 10	8+2+2+1 = 13

Obtido o factor de desgaste, a clase de material máis axeitada seleccionárase de acordo co criterio especificado na táboa seguinte.

FACTOR DE DESGASTE	CLASE DE MATERIAL
4-9	Pinturas
10 - 14	Produtos de longa duración (termoplásticos de aplicación en quente e plásticos en frío) aplicados por pulverización ou marca viaria prefabricada.
15 - 21	Produtos de longa duración (termoplásticos en quente e plásticos en frío), aplicados por extrusión ou por arrastre; ou marca viaria prefabricada.

Segundo o anterior, conclúese que:

- As marcas viarias en zonas excluídas ó tráfico serán a base de pinturas.
- As bandas laterais e as marcas de separación de carrís serán a base de pinturas.
- Os símbolos, letras e frechas serán a base de produtos de longa duración aplicados por pulverización.

Cando a aplicación deba facerse directamente sobre o pavimento, utilizaranse os criterios de compatibilidade que se expoñen na táboa seguinte:

FAMILIA	Tipo de pavimento	B	C	D	E	F
	Material e tipo de aplicación	Aglom. Bitum. Convenc. novo	Aglom. Bitum. Convenc. vello	Argamasa bitumin.	Aglom. drenante	Formigón de cemento
PINTURAS	alcídica modificada pulverizac.	Pouco/Moi <sup>1</sup> apropiada	Apropiada	Nada apropiada	Apropiada <sup>1</sup>	Nada/Moi <sup>3</sup> apropiada
	acrílica termoplast. pulverizac.	Apropiada	Moi apropiada	Nada apropiada	Moi apropiada <sup>2</sup>	Moi apropiada
	acrílica base auga pulverizac.	Moi apropiada	Apropiada	Moi <sup>1</sup> / Pouco apropiada	Moi apropiada <sup>1</sup>	Apropiada
IMPRIMAC.	acrílica pulverizac.	-	-	-	-	Moi apropiada <sup>2</sup>
LONGA DURACION	termoplast. quente pulverizac.	Moi apropiada	Apropiada	Nada apropiada	Apropiada <sup>1</sup>	Nada/Pouco <sup>3</sup> apropiada
	termoplast. quente extrusión	Moi apropiada	Pouco apropiada	Nada apropiada	Moi apropiada	Nada/Pouco <sup>3</sup> apropiada

FAMILIA	Tipo de pavimento	B	C	D	E	F
	Material e tipo de aplicación	Aglom. Bitum. Convenc. novo	Aglom. Bitum. Convenc. vello	Argamasa bitumin.	Aglom. drenante	Formigón de cemento
	termoplast. quente zapatón	Nada apropiada	Nada apropiada	Nada apropiada	Moi apropiada	Nada apropiada
	plast. frío dos comp. pulverizac.	Moi apropiada	Moi apropiada	Apropiada	Apropiada <sup>1</sup>	Moi apropiada
	plast. frío dos comp. extrusión	Moi apropiada	Apropiada	Pouco apropiada	Apropiada	Moi apropiada <sup>4</sup>
	plast. frío dos comp. zapatón	Moi apropiada <sup>4</sup>	Apropiada <sup>4</sup>	Pouco apropiada <sup>4</sup>	Apropiada	Moi apropiada <sup>4</sup>
	cintas prefabr.	Moi apropiada	Apropiada	Apropiada	Moi apropiada	Moi apropiada

<sup>1</sup>Dúas mans

<sup>2</sup>Para rebordo de negro

<sup>3</sup>Con imprimación

<sup>4</sup>Só aplicación manual

Dado que no caso presente hase dispoñer a marca viaria sobre pavimento bituminoso de nova construción, considérase moi apropiado o uso de pintura termoplástica e o produto de longa duración termoplástico aplicado por pulverización ou por extrusión.

### 5.3. MARCAS LINEAIS LONXITUDINAIS DISCONTINUAS

#### 5.3.1. SEPARACIÓN DE CARRÍS NORMAIS

Empregarase como marca lineal a M-1.3 para a separación de carrís normais do mesmo sentido de circulación, por tratarse dunha vía con VM ≤ 100 km/h.

#### 5.3.2. BORDE DE ESTRADA

Nos supostos de utilización, empregarase a marca M-1.12 como marca lineal de borde de estrada.

### 5.4. MARCAS LINEAIS LONXITUDINAIS CONTINUAS

#### 5.4.1. SEPARACIÓN DE CARRILES CON PROHIBICIÓN DE ADIANTAMENTO

Empregarase como marca lineal a M-2.2 para separación de carrís con prohibición de adiantamento.

#### 5.4.2. BORDE DE ESTRADA

Nos supostos de utilización, empregarase a marca M-2.6 como marca lineal de borde de estrada, por tratarse dunha vía con VM ≤ 100 km/h e beiravía < 1,5 m.

### 5.5. MARCAS LINEAIS TRANSVERSAIS E INSCRICIÓN

#### 5.5.1. LIÑA DE CEDA O PASO

Empregarase a marca transversal descontinua M-4.2 en interseccións en aquelas vías que non posúen prioridade. A lonxitude da liña coincidirá coa anchura do carril ou carrís a que se refire a obrigação de ceder o paso.



### 5.5.2. LIÑA DE DETENCIÓN

Empregarase a marca transversal continua M-4.1 nos lugares onde estea indicada a detención da circulación por motivos de seguridade. A lonxitude da liña será a anchura do carril o que se refire.

### 5.5.3. LIÑA DE PASO DE PEÓNS

Empregarase a marca transversal continua M-4.3 nos lugares onde estea indicado o paso de peóns, onde os condutores de vehículos e animais deben deixarlles paso. A lonxitude da liña será de 4 metros como mínimo.

### 5.5.4. CEDA O PASO

Disporase a sinal M-6.5 a unha distancia de 5 metros da liña de CEDA O PASO.

### 5.6. OUTRAS MARCAS

Para os cebreados que sexa necesario pintar (interseccións, illotes, etc.) utilizarase a marca M-7.2, por tratarse de vías con  $VM \leq 60$  km/h.

## 6. BALIZAMENTO

---

Nos bordes dos accesos á glorieta e na glorieta mesma colocaranse captafaros que serán reflectantes tipo ollo de gato de dobre cara.



## **ANEXO Nº 13. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA**



ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>1</b>	8.1. OBXECTIVOS .....	13
1.1. OBXECTO .....	1	8.2. VIXILANCIA DURANTE A FASE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.....	13
1.2. NORMATIVA .....	1	8.3. VIXILANCIA DURANTE A FASE DE EXPLOTACIÓN.....	15
1.3. METODOLOXÍA.....	1	8.4. ORZAMENTO.....	15
<b>2. DESCRICIÓN DAS OBRAS .....</b>	<b>1</b>	<b>APÉNDICE 1. VEXETACIÓN POTENCIAL.....</b>	<b>17</b>
<b>3. ANÁLISE DO PROXECTO.....</b>	<b>1</b>	<b>APÉNDICE 2. ESPAZOS NATURAIS .....</b>	<b>21</b>
3.1. FASE DE CONSTRUCIÓN .....	1	<b>APÉNDICE 3. ESTUDIO DE PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL.....</b>	<b>25</b>
3.2. FASE DE EXPLOTACIÓN.....	1	<b>APÉNDICE 4. LOCALIZACIÓN DOS ELEMENTOS INVENTARIADOS OU CATALOGADOS .....</b>	<b>37</b>
<b>4. INVENTARIO E VALORACIÓN DO MEDIO .....</b>	<b>1</b>		
4.1. OBXECTIVO.....	1		
4.2. XEOLOXÍA .....	1		
4.3. CLIMATOLOXÍA .....	2		
4.4. HIDROXEOLOXÍA E HIDROLOXÍA .....	2		
4.5. VEXETACIÓN .....	2		
4.6. FAUNA .....	3		
4.7. ESPAZOS PROTEXIDOS .....	4		
4.8. HUMIDAIIS .....	5		
4.9. MEDIO SOCIOECONÓMICO .....	5		
4.10. PLANEAMENTO URBANÍSTICO .....	6		
4.11. PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL .....	6		
<b>5. IDENTIFICACION E AVALIACIÓN DE IMPACTOS .....</b>	<b>6</b>		
5.1. METODOLOXÍA.....	6		
5.2. IMPACTO SOBRE O MEDIO FÍSICO .....	6		
5.3. IMPACTO SOBRE O MEDIO BIÓTICO .....	6		
5.4. IMPACTO SOBRE O MEDIO SOCIOECONÓMICO .....	6		
5.5. IMPACTO SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL.....	6		
5.6. AVALIACIÓN E VALORACIÓN DE IMPACTOS.....	6		
<b>6. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS .....</b>	<b>8</b>		
6.1. PROTECCIÓN DO SISTEMA HIDROLÓXICO .....	8		
6.2. PROTECCIÓN DA ATMOSFERA .....	9		
6.3. INSTALACIÓNS AUXILIARES.....	9		
6.4. MEDIO SOCIOECONÓMICO .....	9		
6.5. ORZAMENTO DE MEDIDAS CORRECTORAS.....	10		
<b>7. RESTAURACIÓN E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.....</b>	<b>10</b>		
7.1. OBXECTIVOS DA RESTAURACIÓN .....	10		
7.2. CONDICIONANTES DA LEI 3/2007.....	10		
7.3. METODOLOXÍA .....	10		
7.4. DESCRICIÓN DA RESTAURACIÓN PROXECTADA.....	11		
7.5. PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ESPECÍFICAS DE RESTAURACIÓN.....	13		
<b>8. PROGRAMA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL.....</b>	<b>13</b>		



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. OBXECTO

O obxecto do presente anexo é analizar o proxecto dende un punto de vista ambiental, de xeito que se poidan prever e avaliar os efectos que sobre o ámbito puidesen producir a obra e a súa explotación.

### 1.2. NORMATIVA

No documento nº 3 Prego de Prescricións Técnicas Particulares do presente proxecto inclúese unha relación da normativa ambiental de aplicación para as obras recollidas no mesmo.

O obxecto do proxecto non se atopa entre os supostos dos anexos I y II da Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental e outros, polo que non se estima necesario sometelo a procedemento de avaliación ambiental.

### 1.3. METODOLOXÍA

Os pasos a seguir para acadar o obxectivo marcado no apartado anterior son os seguintes:

- Análise do proxecto, para identificar todos aqueles aspectos deste susceptibles de producir un impacto negativo no ámbito, tanto de forma directa como indirecta; considerando as fases de construción e explotación.
- Descrición do estado inicial do ámbito, definindo o medio físico, biolóxico e socioeconómico, con análise de todos os sistemas naturais que puidesen verse afectados pola obra e identificación daqueles parámetros susceptibles de sufrir algunha alteración como consecuencia dos impactos xerados.
- Avaliación dos impactos xerados sobre o ámbito durante as fases de construción e explotación.

## 2. DESCRICIÓN DAS OBRAS

O presente ten por obxecto definir e desenvolver as distintas unidades de obra precisas para poder levar a cabo a mellora da seguridade viaria na confluencia das estradas AC-862 e AC-115 (Avenida de Xubia e Rúa Toeira, respectivamente)

ESTRADA	DENOMINACIÓN	REDE	TREITOS DE ACTUACIÓN
AC-862	Ferrol-San Cibrao	Local	PQ 1+580
AC-115	Fene-Xubia	Local	PQ 4+710

A proposta de actuacións previstas pode dividirse en varias tipoloxías:

- Fresado de pavimento e levantamento de beirarrúas.
- Execución de pavimentos con mesturas bituminosas en quente.
- Execución de pavimentos de formigón coloreado e louseta hidráulica.
- Creación dunha glorieta na intersección de ambas estradas.
- Plantacións.

## 3. ANÁLISE DO PROXECTO

As principais accións ou aspectos a considerar pola súa incidencia ambiental son:

### 3.1. FASE DE CONSTRUCIÓN

De carácter xeral:

- Prevese que pola obra e os seus arredores circule de forma secuencial a maquinaria propia de obra civil: escavadoras, retroescavadoras, camións, etc., sendo probable a coincidencia de dous ou tres destes tipos de maquinaria na obra.

Outros aspectos a considerar son:

- O tempo previsto para as obras é de cinco (5) meses.
- Os servizos afectados son os correspondentes a postes e liñas de telefonía e iluminación (servizos de subministro), que serán repostos durante o transcurso das obras.

### 3.2. FASE DE EXPLOTACIÓN

Dadas as características das obras proxectadas, na explotación só se consideran accións derivadas do propio tráfico: emisión de gases e ruído que, por outra parte, é de prever que se vexan diminuídos (respecto ao seu estado actual) ao producirse unha maior fluidez no tráfico e un mellor axeitamento dos pavimentos á contorna.

## 4. INVENTARIO E VALORACIÓN DO MEDIO

### 4.1. OBXECTIVO

A descrición do medio preoperacional ten como finalidade definir e valorar o estado en que se atopa o medio natural e social antes da execución do proxecto. Para cada unha das variables consideradas no inventario, analizarase o seu valor para a conservación en función de cadanseus criterios aplicables, especificados no apartado correspondente.

### 4.2. XEOLOXÍA

Os materiais mais representados son as rochas básicas, ultrabásicas, paragneises do Complexo do Cabo Ortegal (de probable idade precámbrica a cámbrica) e rochas do Grupo de Moeche, formado por un conxunto heteroxéneo de rochas sedimentarias e ígneas de idade probable ordovicico-silúrica ou mesmo do Devónico inferior.




Figura 1. Xeoloxía do concello de Neda

### 4.3. CLIMATOLOXÍA

A localización do municipio corresponde á zona temperada-cálida dentro do hemisferio norte. En canto as temperaturas, os valores medios das máximas oscilan entre os 15 °C e os 23 °C, e os das mínimas entre os 6° e os 14 °C. O réxime de xeadas vai de novembro a marzo, dándose un período vexetativo moi longo, con risco de xeadas escaso. A precipitación media anual está en 1.200 mm, correspondendo a maior probabilidade de choivas ó mes de novembro.

### 4.4. HIDROXEOLOXÍA E HIDROLOXÍA

#### 4.4.1. REDE HIDROGRÁFICA

A bacía do río Grande de Xuvia esténdese ao longo de 31 Km, de Leste a Oeste entre as terras de Somozas e a ría de Ferrol, bañando os concellos de Somozas, Moeche, San Sadurniño, Neda e Narón.

Nace cerca de Taforneiros no concello de Somozas a uns 460 mts. de altitude.

Cerca de Machuconovo recibe o regato da Toca, a partir desa confluencia diríxese meandrizando cara ao Norte, bordeando os Montes dos Cobos ata que se produce a afluencia do río das Ferrerías que achega ao sistema principal as augas recollidas nas Enchousas, Seixas e Somozas. Entrando no concello de Moeche recibe as augas do regato de Moeche e do río Pequeno, a medio camiño entre San Sadurniño e Xuvia incorpórase pola esquerda o máis importante dos afluentes, o río Castro, que xunto co subafluente Cando recollen as augas da vertente septentrional da serra de Forgoso. Despois de rodear o couto de Ancos o río Grande desemboca en Xuvia formando a Ría de Ferrol.

- Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) denominado Xuvia-Castro, cunha área protexida de 2.074 ha.
- Afluentes: Río das Ferrerías, Moeche, Pequeno e Castro.
- Extensión: 182,93 Km<sup>2</sup>.
- Caudal: Min: 0,694 Setembro / Máx: 8,59 8 Febreiro.
- No Grande se sitúa la Represa do Rei, entre los Concellos de Narón e Neda.

### 4.5. VEXETACIÓN

Unha parte fundamental da riqueza biolóxica dun territorio é a diversidade vexetal, ademais a vexetación do territorio é un elemento clave na paisaxe e a base das comunidades faunísticas, ademais de ser un bo indicador das condicións naturais do territorio e das alteracións antrópicas levadas a cabo.

O termo municipal de Neda dende o punto de vista corolóxico atópase localizado na Rexión Eurosiberiana, provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Asturiano, Estando o municipio no piso climático colino (temperatura media >14°C) e ombroclimas húmido e hiperhúmedo.

En base á clasificación establecida por Allúe Andrade na súa obra "*Atlas Fitoclimático de España. Taxonomías (1990)*", o ámbito atópase dentro da subrexión fitoclimática VI (IV)4, caracterizada por un clima con trazos mediterráneos.

O concello de Neda pertence á comarca de Ferrol, formada polos concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e Valdovino.

#### 4.5.1. VEXETACIÓN POTENCIAL

A vexetación potencial da zona englobase dentro do Piso Colino, serie colina galaicoportuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*): Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum. A serie no seu óptimo estable é unha fraga densa de carballos (*Quercus robur*), que poida levar unha certa cantidade de cerqueiros (*Quercus pyrenaica*), acivros (*Ilex aquifolium*), castaños (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*) e sobreiras

(*Quercus suber*). No sotobosque da carballeira, ademais dun número de herbas nemorales esciófilas (*Teucrium scorodonia*, *Hypericum pulchrum*, *Holcus mollis*, *Asplenium onopteris*, *Luzula forsteri*, *Viola riviniana*, *Linaria triornithophora*, *Omphalodes nitida*, *Aquilegia vulgaris* subs. *dichroa*, *Anemone trifolia* subs. *Albida*, *Luzula sylvatica* subsp. *enriqueci*,...). Existe un sotobosque arbustivo máis ou menos denso no que se soen atopar elementos mediterráneos da clase Quercetea ilicis (*Ruscus aculeatus*, *Daphne gnidium*, *Arbutus unedo*, *Rubia peregrina*, *Viburnum tinus*, etc.), coexistindo con outros vexetais caducifolios eurosiberianos ou de área máis ampla (*Pyrus cordata*, *Lonicera periclyneum*, *Fragula agnus*, *Crataegus monogyna*, *Corylus avellana*, etc.).

A degradación moderada dos bosques desta serie permite a extensión das xesteiras oceánicas colinas e mesomediterráneas, pobres en especies de distribución galaico-portuguesa, ourensana e bierense litoral (*Cytisium striati*, *Ulici europaei-Cytisetum striatum*, *Ulex europaeus* subs. *latebracteatus*, *Rubus lusitanus*, *Pteridium aquilinum*, etc.).

As brexeiras que aparecen tras os lumes continuados e polas repoboacións dos pinos marítimos (*Pinus pinaster* subs. *atlantica*) levan xa un bo número de elementos da brexeira mediterráneo ibero-atlántico de *Ericium umbellatae* (*Ulex minor*, *Genista triacanthos*, *Cistus psilosepalus*), etc. As comunidades de brexeira máis significativas desta serie son: *Ulicetum. latebracteato-minoris*, *Erico umbellatae-Ulicetum minoris* e *Ulici-Ericetum cinereae cistetosum psilosepali*.

A vocación dos territorios correspondentes ás series das carballeiras colino-montanas acidófilas cantabroatlánticas é agrícola, forestal e gandeira

Segundo a clasificación recollida por Salvador Rivas Martínez entre 1981 e 1987 no "*Mapa de Series de Vegetación de España*", a vexetación potencial da zona de actuación correspóndese coa serie 8c da Rexión eurosiberiana, piso colino: Serie colina galaico-portuguesa acidófila do Carballo ou *Quercus robur* (*Rusco aculeati-Quercetum roboris signetum*). Carballeiras acidófilas.

En el **Apéndice 1** axúntase plano de vexetación potencial - Clasificación de Rivas Martínez.

#### 4.5.2. VEXETACIÓN ACTUAL

A vexetación da zona de estudo foi fortemente modificada polas distintas actividades do home, levándose a cabo unha profunda transformación do tapiz vexetal orixinal. De feito os traballos previstos correspóndense cunha actuación sobre unha vía xa existente, que no seu momento supuxo a restauración da cuberta vexetal.

A maior parte do entorno de actuación carece de vexetación natural, esta foi substituída por cultivos de secano ou por infraestruturas (estradas, núcleos de poboación, polígonos industriais), determinadas zonas manteñen formacións vexetais ocupadas por eucaliptares e piñeirais de repoboación.

As principais unidades de vexetación presentes no concello son:

**Comunidades arbóreas naturais:** Os bosques característicos (os bosques climáticos) das terras a occidente da Dorsal Galega seguindo o esquema sistémico da fitosocioloxía son carballeiras galaico portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. E os bosques aluviais de *Alnus glutinosa*, *Fraxinus angustifoli*, *Salix atrocinerea*, *Populus* e *Osmunda regalis*.

Ámbalos bosques: as carballeiras e os bosques de ribeira teñen un carácter ecolóxico fundamental, e son hábitats imprescindibles, tanto polo seus valores naturais como pola súa biodiversidade, ademais de polas paisaxes naturais e culturais que estes bosques, bosquetes, sebes arborados, alienacións de árbores,... forman no territorio.

As comunidades vexetais presentes no territorio van dende repoboacións forestais de piñeiros, eucalipto e acacias; así como carballeiras, castiñeiros e arborado de ribeira, no que se refire a comunidades vexetais arbóreas.



O terreo dedicado a uso forestal é o que máis extensión ocupa. As especies máis abundantes son o *Pinus pinaster* e o *Eucalyptos globulus*, especies que substituíron á vexetación clímax formada por carballos. O castiñeiro (*Castanea sativa*) aparece en menor medida, e asociado a maioría das veces ó pino e ó eucalipto.

Outro tipo importante de vexetación arborada é o que se asocia a cursos de auga. Os ríos son en moitos casos fonte básica do aporte da humidade necesaria para este tipo de vexetación, polo que soe aparecer en ámbalas marxes do seu cauce ocupando as zonas de maior humidade. As especies predominantes son salgueiros, freixos, ameneiros, castiñeiros.

**Comunidades arbustivas:** O mato ou monte baixo prolifera basicamente nas terras altas, ocupa unha situación extrema coincidindo con maior desenvolvemento da montaña. O mato faise cos cumios, prodigándose ladeira abaixo alí onde os solos son máis pobres.

Existen enclaves que se estenden por todo o municipio, asociados a terras de cultivo abandonadas ou semiabandonadas que acaban colonizadas por especies deste tipo.

As especies principais corresponden a formacións en regresión derivadas no seu momento doutras en estado clímax como foi o caso do Carballo. O toxo (*Ulex nanus*, *Ulex galli* e *Ulex europaeus*), o breixo (*Erica cinerea*, *Erica tetralix* e *Erica arborea*), xesta (*Cytisus scoparius*), a carqueixa (*Chamaespartium sagittale*, *Genista sp.*) son as máis abundantes. Hai que recordar que xunto có fento forman boa parte do sotobosque que medra ó pe do arboredo.

#### Outras comunidades:

Comunidades de orixe antrópica: A vexetación de orixe antrópico está implantada polo home ou é resultante das actividades humanas e pode resumirse en pastos, cultivos e repoboacións forestais.

Dentro dos aproveitamentos agrícolas destacan os pastos, pastizais, os cultivos de millo e outros cultivos forraxeiros que revelan a tendencia gandeira dos aproveitamentos.

As pradarias son en xeral de sécano correspondendo as húmidas as chairas de inundación dos cursos de auga. Están baseadas en especies de aproveitamento forraxeiro como *Lolium perenne* e *Trifolium repens* e se empregan como prados de sega.

As superficies forestais repoboadas están destinadas fundamentalmente a dúas especies: *Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*. O pino atópase frecuentemente mesturado con outras especies caducifolias, formando bosques mixtos.

Outras especies foráneas e altamente invasoras son as leguminosas arbóreas *Acacia melanoxylon* e *Acacia dealbata* características tanto das repoboacións como das masas mixtas.

Comunidades ruderais e nitrófilas: Son as comunidades vexetais que colonizan cultivos, cunetas e calquera zona alterada con presenza de nitróxeno asimilable, distribúese por todo o concello acompañando as estradas, os cultivos, a zona urbana, etc. e está formada por *Fumaria spp.*, *Conyza spp.*, *Calendula arvensis*, etc..

#### 4.6. FAUNA

Para cada unha das 4 clases de vertebrados terrestres (anfíbios, réptiles, aves e mamíferos) relaciónanse, as especies co seu nome científico e común, seguido dunha información acerca do seu hábitat e estado de conservación, de acordo ca normativa de rango galego, español e comunitario. Indícanse nas táboas as especies protexidas pola Directiva 43/92/CEE, e/ou catalogadas en réxime de protección especial en España polo R.D. 139/2011.

As táboas que se achegan a continuación son dos posibles animais que habitan o Golfo Ártabro, na ría de Ferrol, localizándose a zona de proxecto preto dos esteiros do Xubia e O Freixeiro. Saliéntase que preto da futura glorieta atópase o ZEC Xubia-Castro, asímesmo atópase na zona do Plan de Xestión do Lobo,

categoría 3. De todos modos, ao ser a zona de actuación unha zona habitada non se considera necesario tomar medidas de protección adicionais.

##### 4.6.1. ANFIBIOS

Inclúese a continuación unha táboa cos animais que figuran no R.D. 139/11 e no anexo II da Dirct. 92/43/CEE

NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	PROTECCIÓN ESPECIAL SEGUNDO RD 139/11	PROTEXIDA SEGUNDO DIRECT 43/92/CEE
<i>Chioglossa lusitanica</i>	Salamántiga rabilonga		X
<i>Discoglossus galganoi</i>	Sapo raxado		X
<i>Alytes obstetricans</i>	Sapiño comadrón	X	
<i>Bufo bufo</i>	Sapo común		
<i>Bufo calamita</i>	Sapo corriqueiro	X	
<i>Rá ibérica</i>	Ra patilonga	X	
<i>Rá perezi</i>	Ra verde		
<i>Mauremys leprosa</i>	Sapoconcho riscado	X	X

##### 4.6.2. RÉPTILES

Inclúese a continuación unha táboa cos animais que figuran no R.D. 139/11 e no anexo II da Dirct. 92/43/CEE

NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	PROTECCIÓN ESPECIAL SEGUNDO RD 139/11	PROTEXIDA SEGUNDO DIRECT 43/92/CEE
<i>Anguis fragilis</i>	Escáncer común	X	
<i>Lacerta lepida</i>	Lagarto arnal		
<i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto das silvas	X	X
<i>Iberolacerta monticola</i>			X
<i>Podarcis hispánica</i>	Lagarta dos penedos	X	
<i>Psammotromus algirus</i>	Lagarta rabuda	X	
<i>Chalcides chalcides</i>	Esgonzo común	x	
<i>Chalcides bedriagai</i>	Esgonzo ibérico	X	
<i>Coronella austriaca</i>	Cobra lagarteira común	X	
<i>Coronella girondica</i>	Cobra lagarteira meridional	X	
<i>Natrix natrix</i>	Cobra de colar	X	X
<i>Natrix maura</i>	Cobra de auga	X	
<i>Elaphe scalaris</i>	Serpe riscada	X	
<i>Malpolon monspessulanus</i>	Cobregón		
<i>Vipera seoanei</i>	Víbora de seoane		

##### 4.6.3. AVES

